



---

# CEIP JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO

## MEMORIA CURSO 2023/24

---



XUÑO 2024  
CEIP JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO  
Buño – Malpica de Bergantiños

## ÍNDICE

Equipo Directivo .....	3
Consello Escolar.....	8
Comisión Económica .....	9
Comisión de convivencia .....	10
Claustro .....	15
Equipos de ciclo, nivel e especialistas:	
Educación Infantil .....	17
1º/2º nivel Educación Primaria .....	21
3º/4º nivel Educación Primaria .....	26
5º/6º nivel Educación Primaria .....	33
Educación Física .....	41
Idioma Estranxeiro: Inglés .....	45
Educación Musical .....	48
Departamento de Orientación .....	55
Actividades complementarias e extraescolares .....	65
Dinamización lingüística .....	68
Equipo de Biblioteca .....	69
Plan Dixital .....	79
Planos e proxectos levados a cabo .....	83
Plan de igualdade .....	86
Plano para potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia...	87
Plan de autoprotección escolar .....	89
Plano de actividades propostas pola ANPA .....	89
Servizos complementarios: Comedor escolar .....	90
Relación libros de texto curso 2024/25 .....	93
Anexos	
Contratos- programa INCLÚE 2023/24 .....	100

A presente memoria pretende recopilar as actividades realizadas no centro ao longo do curso escolar, recollendo as incidencias acaecidas e medidas adoptadas na pretensión, a través da súa análise e avaliación , de mellorar nas respostas ante as distintas situacións que afectan a esta comunidade educativa.

A xeito de resumo , este curso veu marcado polos seguintes asuntos:

- Participación do centro na convocatoria dos contratos – programa inclúe do curso 2023/2024.
- Participación do centro no PLAMBE 2023/2024.
- Actualización dos documentos de centro e creación de novos documentos para adaptarse ás novedades educativas lexislativas .
- Realización da avaliación diagnóstica do sistema educativa no grupo de 4º de primaria.

A continuación procedemos a recoller as achegas dos distintos órganos de goberno e coordinación do centro sobre o acaecido neste curso 2023/2024.

## 1. EQUIPO DIRECTIVO

O equipo directivo estivo formado por:

Director: **Fernando Quintela Cuiña**

No presente curso o director cumpliu o primeiro ano do seu terceiro período como director que remata o 30 de xuño de 2027.

O labor do equipo directivo neste curso, continuou a desenvolver as propostas recollidas na Programación Anual.

Deste curso temos que destacar:

- As revisións dos diferentes Proxectos e Planos.
- A revisión do Plan de igualdade, Plan de convivencia e NOFC.
- A elaboración do Plan de Benestar Emocional.
- A creación do Equipo de Actuación Contra o Acoso Escolar (ACAE).

- A participación do centro nos contratos – programa Inclúe nos apartados, IGUÁLA-T, CON-VIVE-T, INCLÚE-T, EMOCIONA-T.
- Proxecto Documental Integrado elaborado polo Equipo de Biblioteca dentro do PLAMBE "Os bibliotrisquis viaxan con Marco Polo".
- Participación no PLAMBE 2023/24.
- A supervisión no nome do Consello Escolar do servizo de comedor.
- A xestión do Programa de axudas para libros e Fondolibros para os cursos de Primaria.
- A actualización anual do inventario informatizado do Centro.
- Á supervisión do Plano de Autoprotección.
- Á supervisión do uso do programa XADE-WEB para a xestión titorial e abalar para a comunicación coas familias.
- Á avaliación, en colaboración co Claustro, dos proxectos e acordos vixentes no noso Centro para a súa renovación ou cambio como contratos-programa, PLAMBE...
- Á coordinación cos centros de Infantil , Primaria e Secundaria do Concello.
- Á potenciación das celebracións, segundo as posibilidades, das conmemoracións suxeridas no calendario escolar da Consellería de Educación e O.U.
- A colaboración coa empresa ASPY na realización da inspección avaliación de riscos laborais do centro e traslado das súas conclusións o Concello.
- A continuación das xestións ante o Concello e a Xefatura Territorial para a mellora das infraestruturas do centro, reparación dos problemas xurdidos nas instalacións e peticións dos membros da comunidade educativa.

## Obxectivos presentes na PXA:

### Obxectivos xerais

- Elaborouse o Programa de acollida que se desenvolveu nas dúas primeiras semanas do curso.

- Elaboráronse os Plans de reforzo e recuperación segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial e que se desenvolveron mediante axustes curriculares.
- Potencióuse o emprego dos medios dixitais na práctica educativa seguindo o Plan Dixital de Centro.
- Iniciouse o proceso de actualización do Proxecto Lingüístico de Centro.
- Fomentáronse actividades que desenvolven as competencias clave como eixo do currículo e os elementos transversais, especialmente as relacionadas co ámbito científico e as lingua.
- Continuouse a traballar na prevención das dificultades de aprendizaxe das competencias clave , atendendo, na medida da dispoñibilidade horaria dos especialistas , todas aquelas necesidades detectadas polo profesorado.
- Continuouse a traballar na actualización e publicación de contidos nos espazos web do centro especialmente das aulas virtuais de todas as clases.
- Realizáronse dinámicas de identificación en xestión emocional e traballo coas emocións.

Orientados á prevención e á atención da diversidade.

- O Centro continuou a traballar na prevención das dificultades na aprendizaxe da lectura e a escritura.
- Desde o Departamento de Orientación traballouse na detección e atención dos casos detectados.
- Realizouse unha intensa actividade de aproximación e coñecemento das distintas diversidades funcionais.

Orientados á dinamización lingüística.

- Traballouse na consecución dos obxectivos recollidos no actual Plano de Normalización, integrado no Proxecto Educativo e o Proxecto Lingüístico de centro.

Orientados a unha ensinanza de calidade e a mellora de competencias básicas do alumnado.

a) estimulación da linguaxe oral e escrita

- Traballouse a linguaxe oral e escrita do noso alumnado nos primeiros anos da escolaridade (Educación Infantil, primeiros cursos de Educación Primaria), insistindo na ampliación do vocabulario, estimulando tanto a creatividade como a súa capacidade de escutar e expresarse.

b) fomento da lectura, formación de usuarios e educación no acceso á información.

- Desde o equipo de biblioteca deseñáronse actividades relacionadas coa técnica lectora, a animación á lectura e a obtención de información e elaboración de contidos dentro da programación do Plambé e no Proxecto Lector e na do Plano de introdución das tecnoloxías da información e a comunicación.

c) desenvolvemento das competencias básicas e competencias clave.

- No centro continuouse a traballar no fomento das competencias básicas na educación infantil e primaria a través das distintas áreas e materias para intentar acadar que o alumnado sexa o mais competente posible.

d) desenvolvemento das capacidades artísticas e a creatividade.

- Deseñáronse actividades enriquecedoras do proceso ensinanza - aprendizaxe do alumnado baixo a supervisión do Claustro e coa colaboración de todos os docentes, ben organizadas polo mesmo Centro ben en colaboración coa ANPA, Concello ou outros grupos/entidades .

e) potenciación das TIC's

- Creouse para cada curso a súa aula virtual , como plataforma para comunicar co alumnado os contidos e actividades a realizar polo alumnado e continuar co proceso de aprendizaxe se fose preciso.
- Utilización do espazoAbalar como ferramenta de comunicación coas familias , especialmente o servizo de mensaxería para cada grupo e así facilitar unha comunicación mais fluída entre o profesorado e as familias.
- Cada clase continuou a dispor dos medios informáticos cos que conta o Centro, organizando o tempo e os espazos.
- A proposta de actividades de robótica e programación educativa para o alumnado de infantil e primaria.

- A biblioteca, dentro do proxecto do PLAMBE, contou co seu espazo dixital a disposición de todos alumnado no tempo de recreo e cando o profesorado programou o seu uso.
- O profesorado do Centro tivo á súa disposición a páxina web do centro escolar , Aula Virtual e o blogue da biblioteca escolar. Tamén contou co equipamento de robótica e placas programables dispoñibles no centro.

f) desenvolvemento de temas transversais.

- Desde o Claustro coordináronse as actividades recollidas no calendario escolar para o traballo dos contidos transversais (O Magosto, Samaín, Entroido, Día da Paz, Letras Galegas ...).
- Mantense o “punto verde” no centro no que se realiza unha recollida selectiva de aceite vexetal, papel, pilas, cartuchos de tinta e tapóns de plástico.
- Colaboración con asociacións que traballan con persoas con necesidades específicas para favorecer a súa integración na sociedade.
- Colaboración coa asociación Visibles que traballa pola integración libre e igualitaria na sociedade.
- Colaboración co CD Cerqueda no fomento da actividade deportiva e a presenza da muller no deporte.

g) Orientados á mellora das relacións familia - escola.

- Continuou e ampliouuse a comunicación de avisos ,notificacións de incidencias e faltas e solicitude de tutorías e mensaxería de aula a través do espazoAbalar.
- Continouse coas pautas de comunicación xa establecidas para a comunicación coas familias (comunicacións dos titores/as cos pais/nais unha vez ao trimestre, as entrevistas individuais de cada un dos pais co tutor/a así como a animación ás familias a colaborar nos proxectos propostos e nas celebracións que se realizaron durante o curso tales como O Magosto, O Nadal, Entroido...)
- Promoción de actividades formativas e de apoio destinadas ás familias dentro dunha escola de pais e nais.
- Proseguiu a colaboración da dirección coa ANPA nas actividades complementarias e extraescolares, así como naquelhas tarefas que así o requiriron.

## Valoración do traballo desenvolto

A valoración xeral é positiva. A participación nos contrato-programa inclúe serviu como catalizador para fomentar a participación de todo o alumnado e profesorado nas actividades propostas. Tamén se promoveu e colaborou na elaboración e revisión dos seguintes proxectos:

- Proxecto educativo.
- Plambe.
- Proxecto de Dinamización lingüística.
- Plano de convivencia.
- Plan de Benestar Emocional.
- Plan Dixital.
- Plano de emerxencias do centro.
- Programa de alerta escolar.

Realízaronse tamén as comunicacións dos incidentes acaecidos (rotura do cristal dunha fiestra da biblioteca, pintadas nas paredes exteriores, danos nos xogos do patio de infantil ) ao longo do curso ao Concello e á Xefatura Territorial para que adoptasen as medidas precisas para o amanifestación destes problemas

No presente curso o concello procedeu no mes de maio á instalación dun sistema de videovixilancia. Continúa pendente o cambio das ventás da ala norte do edificio principal ,non substituídas no curso 2017-18, e a mellora dos baños que dan servizo aos usuarios do comedor. Continuouse coa mellora dos espazos exteriores do centro co pintado de espazos e creación dun rocódromo , aínda sen concluír. Solicitouse o Concello a través do Consello Escolar a realización de obras de mellora no espazo da biblioteca escolar para mellorar a súa funcionalidade e aforo.

## 2. CONSELLO ESCOLAR

### Composición.

No presente curso o Consello Escolar presentou a seguinte composición:

Presidente: Fernando Quintela Cuiña

Representantes do profesorado: Sheila Margarita Puñal Gerpe (secretaria do consello)

Representantes das familias: Rebeca María Suárez Martínez

Representante da ANPA: Cristina Vila Calvete

Representante do Concello: Noelia Freijeiro Novo

## Desenvolvimento xeral

O consello escolar reuniuse en tres ocasións ao longo do curso para atender as distintas incidencias xurdidas (ata o día da data desta memoria).

## Valoración do traballo desenvolto

A vontade construtiva de todos os membros facilitou o traballo do consello escolar.

## 3. COMISIÓN ECONÓMICA

### Composición.

A comisión económica estivo integrada por todos os membros do Consello Escolar , sendo o responsable da presentación dos informes o director.

### Desenvolvimento xeral:

A comisión económica reuniuse en tres ocasións ao longo deste curso:

- no mes de xaneiro para aprobar as contas de peche do ano 2023.
- no mes de abril para presentar o proxecto de orzamento para o ano 2024.
- no mes de xuño para estudar e analizar o estado de contas do centro ao final do curso académico 2023/2024.

### Memoria económica

A elaboración deste apartado está tomado a data do 24 de xuño de 2024 e ben condicionada pola altura de execución do exercicio económico.

**INGRESOS:**

- Dotación da Consellería de Educación para gastos de funcionamento no ano 2024: 12.103 €.
- Dotación contrato-programa inclúe 2023/24 : 2.800 €.
- Dotación PLAMBE 2023/24: 1.070 €.
- Remanente do ejercicio anterior: 14.874,15 €

**GASTOS:**

O orzamento prevé a seguinte distribución xeral , un 45% para gastos xerais, un 45% para gastos docentes e un 10 % para gastos da biblioteca. Esta previsión dos gastos concrétese nos seguintes apartados:

<b>CONCEPTO</b>	<b>% ORZAMENTADO</b>
<b>Arrendamentos</b>	10 %
<b>Reparacións, mantemento e conservación.</b>	8 %
<b>Material de oficina.</b>	10 %
<b>Subministracións.</b>	30 %
<b>Comunicacións.</b>	1 %
<b>Transporte.</b>	11 %
<b>Gastos diversos.</b>	10 %
<b>Mobiliario e utensilios inventariables.</b>	10 %
<b>Outros materiais inventariables.</b>	10 %

A día 26 de xuño a conta do colexo presenta un saldo de 16.911,43 €.

## 4. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

### Composición.

Director..... Fernando Quintela Cuiña  
Representante Departamento de Orientación..... Montserrat Martínez Gómez  
Representante de pais e nais..... Rebeca María Suárez Martínez  
Representante do profesorado.....

## Desenvolvemento xeral.

Atendendo o recollido no Artigo 35 da Ley Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia , no curso 2022/23 procedeuse o nomeamento de Dna. Montserrat Martínez Gómez como coordinadora de benestar e protección do centro , asumindo a función de Dinamizadora de Convivencia , coordinando o desenvolvemento dos programas e iniciativas de coeducación . A comisión funcionou habitualmente dentro do Consello Escolar.

Seguindo as instrucións da Consellería de Educación , con data do 5 de marzo de 2024 se constituíu o Equipo de Actuación Contra o Acoso Escolar (ACAE) do centro, formado por Dna. Montserrat Martínez Gómez , orientadora e coordinadora de benestar , Dna. María José Eirís Guillín, mestra de PT , e Dna. Jessica Vázquez Cotelo, mestra de infantil. Este equipo , tal e como recolle o protocolo educativo para a prevención, detección e tratamiento do acoso e ciberacoso escolar , será o encargado de levar adiante medidas de detección e intervención ante posibles casos de acoso e ciberacoso. Desde a data sinalada tamén se habilitou no centro un Punto Laranxa físico e tamén virtual na páxina web do centro.

No presente curso procedeuse a actualización do Plan de Convivencia do centro así como a actualización das medidas de convivencia nas NOFC . Ademais se elaborou o Procedemento para a mediación escolar , documento que se anexa o Plan de Convivencia, e que recolle o protocolo de actuación a seguir para realizar a mediación entre iguais así como documentos explicativos e modelos de rexistro.

## Actividades propostas para fomentar a convivencia.

- Proxecto interdisciplinar sobre as emocións, realizado durante o curso académico por todos os grupos baixo a dirección dos docentes titulares e a coordinación e asesoramiento do Departamento de Orientación.
- Día da discapacidade: Actividades realizadas sobre a proposta "Baixo o mesmo paraugas".
- Obradoiros florais de Nadal, actividade na que familias e alumnado participan na realización de adornos de Nadal.
- Obradoiros de diversidade e inclusión de Afundación.
- Torneo natalicio de xadrez.
- Semana da PAZ
  - o Día da Paz: realizamos unha carreira pola paz no campo de fútbol e actividades nas aulas.
- Actividades do Entroido, concurso máscaras con materiais reciclados sobre o tema das emocións e pasarrúas sobre as viaxes de Marco Polo.
- Dia da muller: Contacontos da asociación Visibles "A Comunidade Vagalume".
- 3º Mercadillo solidario , que nesta ocasión recaudou alimentos para a asociación "O legado de Max".
- Día da educación física na rúa. Xogos no recinto exterior do centro para o alumnado.
- Día do libro , co apadrinamiento lector do alumnado maior cos seus compañeros mais novos.
- Xornadas de surf na praia dentro da iniciativa "Aprende a través del Surf".
- Xornada de convivencia entre os centros educativos do concello.
- Xogos para a convivencia e a inclusión nos tempos de recreo.

## Rexistro de incidencias sobre sucesos e condutas que afectaron a convivencia neste curso.

No presente curso a convivencia entre os membros da comunidade educativa presentou as seguintes incidencias destacables:

- Problemas derivados da integración do novo alumnado nas dinámicas de xogo nos tempos de lecer. Desde as tutorías traballouse cos grupos o coñecemento e aceptación das necesidades individuais dos compañeros.

- Seguimento por parte do profesorado dun alumno no tempo de recreo para reconducir o seu comportamento e respecto das zonas de xogo , evitando a entrada nas aulas e saída do recinto escolar.
- Intervención a nivel de grupo por un problema xeneralizado de convivencia, falta de respecto e seguimento das normas básicas de comportamento no espazo escolar. Esta situación motivou a intervención da dirección do centro, en coordinación co DO e profesorado titor e especialista, para abordar esta conflictividade na que se xuntaban problemas de control da agresividade, xestión emocional e distintas casuísticas individuais que impedían a convivencia na aula. Contouse co asesoramento da inspección educativa, o EOE , UACO , concello e psicólogos da Asociación Vieiro. De seguido detállanse as accións realizadas:

Acción, iniciativa ou actividad	Resumo	Temporalización	Responsable
Avaliación inicial do grupo/clase	Observación da situación do alumnado o inicio do curso, prestando atención ás necesidades individuais e a integración do novo alumnado para a organización dos recursos de apoio.	2º quincena de setembro	Titora. Departamento de orientación.
Titorías	Comunicacións e reunións da titora coas familias , a nivel presencial ou da comunicación abalar.	Ao longo do curso.	Titora. Docentes.
Conversas e reunións	Conversas telefónicas e reunións entre familias ( individualmente) e a dirección.	Meses de novembro e decembro	Director.
Proposta de traballo de xestión das emocións	Obradoiros sobre a xestión das emocións e control da agresividade. Conversas individuais co alumnado.	Novembro	DO Titora.
Reunión xeral grupo	Reunión convocada pola titora de 3º/4º de EP , coa presenza da dirección e representante do DO , para abordar a situación de conflitividade no grupo.	4 de decembro.	Titora. Dirección. DO
Comunicación a inspección	Notificación da problemática detectada e proposta de intervención e necesidade de recursos.	15 de decembro.	Dirección.
Obradoiros familias	Proposta de realización dun obradoiro de educación emocional e habilidades sociais con periodicidade semanal.	23 de xaneiro.	Asociación Vieiro. DO

Obradoiros primaria	Proposta de realización dun obradoiro de educación emocional e habilidades sociais con periodicidade semanal (xoves) para os grupos de primaria.	25 de xaneiro – 21 de marzo.	Asociación Vieiro.
Visita centro	Visita o centro para observar a situación comunicada e as medidas adoptadas.	24 de xaneiro.	Inspección
Reunión grupo 3º EP	Reunión grupal para expor as medidas realizadas, analizar a evolución e escoitar ás familias.	5 de marzo.	DO
Visita centro	Visita da unidade de acompañamento familiar e persoal para observar a situación do grupo e coordinar co DO posibles actuacións de apoio.	5 de marzo.	UACO DO
Visita centro	Visita do equipo de orientación específico (EOE) para observar a situación, elaborar un informe e propor medidas de actuación complementarias.	16 de abril.	EOE DO
Intervencións	A vista dos informes e propostas recibidas da UACO e EOE , e baixo a coordinación do DO e a dirección do centro, estanse a realizar intervencións grupais e individuais co alumnado e as familias para afondar na adquisición dunha conducta e control emocional axeitado.	Desde o mes de Abril	UACO EOE DO ACAE Dirección

- Inicio dun protocolo de acoso escolar. No mes marzo , tras a presentación dun escrito redactado por unha familia denunciando un caso de acoso escolar, o director inicia o protocolo de intervención contra o acoso escolar, comunicando o recentemente creado equipo ACAE a situación denunciada. Este comezou a súa labor , establecendo unha protección sobre a presunta vítima e unha observación da situación así como un serie de entrevista de recollida de información. Tras a análise do observado e da información recollida concluíuse a non presenza dunha situación de acoso, pero recomendáronse unha serie de pautas de intervención a nivel individual e de grupo con este alumnado para traballar o respecto e empatía entre iguais, asignándose un docente do equipo para realizar estas intervencións e un seguimento da situación. Fíxose traslado ás familias das conclusións e propostas de actuación.
- Mención especial require a continuidade do protocolo de intervención por problemas conductuais elaborado no curso 2021/22. Baixo a supervisión e coordinación do DO

continuáronse a aplicar as recomendacións recibidas polo EOE e UACO tanto na aula como nas recomendacións á familia, que inciden no establecemento de normas, rutinas e pautas condutuais así como afecto, comprensión e tempo de calidade en familia.

O resto de pequenas discrepancias e incidencias resolvéronse coa intervención do profesorado tutor .

## Propostas para o vindeiro curso.

- Programa de Habilidades da Vida Diaria (HVD): terá por obxectivo principal que os nenos adquiran hábitos de hixiene e estilos de vida saudables.
- Programas de Habilidades Sociais (HHSS): a través do DO, promoveranse actividades e estratexia para o tratamento e resolución de conflitos a nivel de Centro, aula e individual.
- Continuar co programa de intervención para modificación da conducta nos grupos/aula.
- Realizar un seguimento da integración do alumado que se incorpora en primaria, especialmente nos periodos de lecer.
- Aplicación do programa de mediación entre iguais.

## Valoración do traballo realizado.

A valoración en xeral é positiva, os seguimentos e a evolución das intervencións , na maioría dos casos, foron favorables acadándose os obxectivos propostos. Cremos que as medidas de tipo preventivo crean e melloran un bo clima de aula e de convivencia escolar en xeral, continuando o traballo neste senso. A creación do equipo ACAE , o plan de benestar e convivencia e a súa coordinadora facilitan o inicio das intervencións e acelerando as respostas ante situacíons de conflito.

## 5. CLAUSTRO

O claustro asumiou a organización e supervisión das actividades do centro.

## Composición.

Director / E. I. ..... Fernando Quintela Cuiña

Coordinadores de Ciclo:

Educación Infantil..... Jessica Vázquez Cotelo

Tutores de primaria:

1º / 2º ..... Raquel Cousillas García / Diana Franco Blanco ( substituta desde 13/05/2024)

3º/4º ..... Alicia Anta Rodríguez

5º/ 6º / L. Inglesa..... Eva Belén Castro Cruz

E. Musical / Biblioteca . .... Sheila Margarita Puñal Gerpe

Educación Física ..... Ana Alvarellos Figueroa

Pedagoxía Terapéutica/Audición e Linguaxe ..... María José Eirís Guillín

## Desenvolvemento xeral.

Celebráronse reunións de coordinación con periodicidade semanal e convocatorias oficiais de claustro.

## Valoración do traballo realizado.

A valoración global é positiva, posto que as decisións tomadas no Claustro foron consensuadas , facendo partícipe a todo o profesorado. Consegiuse o obxectivo fundamental de coordinación do profesorado e de axilizar a práctica diaria do centro. Resulta fundamental a comunicación e coordinación do equipo docente para a programación de actividades , organización dos recursos dispoñibles e comunicación coas familias.

## 6. EQUIPOS DE CICLO , nivel e especialistas

### EDUCACIÓN INFANTIL

#### Compoñentes:

Jessica Vázquez Cotelo : Coordinadora

Fernando Quintela Cuiña

#### Desenvolvemento da programación

Na etapa de Educación Infantil, hai dous grupos:

- Un grupo mixto formado por 8 nenos e nenas de 5º de E.I e 3 nenos de 4º de E.I.
- Un grupo formado por 11 nenos e nenas de 6º de E.I.

En 4º E.I, comezamos o curso con 2 alumnos e 1 alumna, seguindo o recollido no punto 4 do Artigo 4 da Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, propuxo ás familias unha incorporación progresiva o centro escolar , os dous primeiros días en horario de 11:00 a 12:40 , incorporáronse no horario xeral do centro a partir do día 13 de setembro. Ao finalizar o mesmo, e xa no horario normal, o alumnado adaptouse moi ben as rutinas do centro.

E o alumnado de 5º e 6º de E.I. incorporouse ao centro xa dende o primeiro día.

En todo o ciclo de Educación Infantil traballouse sobre proxectos comúns, adaptando as actividades as capacidades dos grupos de idade do alumnado.

Tamén traballamos un proxecto común para todo o centro, impulsado dende a biblioteca de centro relacionada ca ruta da seda de Marco Polo.

Trátase de dous grupos de nenos/as diversos en canto a intereses, actitudes e ritmos de traballo, dinámicos e con moita motivación e implicación á hora de realizar as diferentes propostas realizadas.

En relación ao grupo de 6º de E.I todos os nenos/as acadaron os obxectivos establecidos para a etapa.

En 5º e 4º de E.I o alumnado acadou os obxectivos. É necesario resaltar que dous alumnos de 5º de E.I están sendo avaliados polo departamento de orientación.

## Logro dos obxectivos programados na PXA:

OBXECTIVOS PROGRAMADOS	Valoración		
	A	B	C
Adaptar o Curriculo á realidade social do Centro e, especificamente, do nivel.	X		
Manter actualizada a metodoloxía didáctica.	X		
Crear e manter actualizada a aula virtual do grupo.	X		
Continuar co programa de reciclaxe de papel, pilas, aceite dentro do Plano Medioambiental do Centro.	X		
Colaborar nas actividades que se programen relacionadas coas seguintes celebracións: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Semana da Prensa, Letras Galegas .	X		
Levar a cabo ao longo do curso en coordinación co Equipo de Biblioteca o proxecto do centro: "Os bibliotrisquis viaxan con Marco Polo".	X		
Concretar nos distintos niveis e levalo á práctica o Proxecto de Fomento das Competencias Básicas.	X		
Organizar e participar en actividades de animación á lectura e fomentar o hábito lector no noso alumnado.	X		
Aplicar medidas de Atención á Diversidade para os/as alumnos/as que o precisen.	X		
Fomentar as relacións coas familias mediante reunións periódicas.	X		

A = Totalmente acadado; B = Acadado parcialmente; C = Non iniciado

## Metodoloxía e medios

A metodoloxía empregada foi eminentemente práctica e activa, a través de actividades lúdicas e do xogo e fomentando a educación sensorial. O ambiente da aula é de afecto e confianza para potenciar a autoestima e integración social.

En relación á perspectiva didáctica, organízanse os contidos tendo en conta un enfoque globalizador, que deu cabida a unidades didácticas e a proxectos trimestrais e un anual que se impulsa dende a biblioteca de centro no que participamos todas as aulas.

En todo momento se buscou que as diferentes experiencias de aprendizaxe fosen significativas e emocionalmente positivas.

Continuamos este curso co proxecto emocional a nivel centro do curso pasado, partindo do conto "Monstro das cores". Este proxecto tivo como obxectivo traballar a educación emocional dunha forma global nas diferentes especialidades e áreas.

O proxecto anual impulsado dende a biblioteca de centro anteriormente mencionado. desde curso Os bibliotrisquis (mascota da biblioteca) quedaron atrapados no "Libro das Marabillas", puxémonos mans á obra para intentar axudarlos. Para iso, comezamos a viaxe coñecendo e investigando máis sobre a figura de Marco Polo, o protagonista dese libro. As aulas de Educación infantil, fixemos durante todo o curso unha investigación sobre a ruta da seda de Marco Polo destacando as seguinte actividades:

- Realización dun libro a través dos lugares, cousas, animais e habitantes que descubriu.
- Elaboración dun mural co mapa dos lugares por onde pasou a ruta da seda de Marco Polo.
- Creación de maquetas (Ger)
- Viaxe gastronómico creando o restaurante veneciano na aula (manteis, gorros de chefs, menús, taller de cociña etc).
- Creación dun xogo de mesa, en forma de baralla, con instrucións para o seu uso. Ademais, para gardalo e que non se perdera, construíron un pequeno cofre.
- O entroido relacionado ca ruta de Marco Polo. Educación infantil disfrazouse co traxe tradicional chino.
- Arte con tinta e letras chinas, comer con palillos etc.
- Obradoiro de construcción de papaventos.

Nos agrupamentos, propuxéreronse actividades nas que as nenas e nenos interaccionaron en gran grupo, en pequenos grupos, por parellas e por suposto tamén se deu cabida a actividades de traballo individual para aquellas que requirian unha maior concentración. Ademais, tamén tiveron lugar actividades cos outros grupos tanto entre infantil coma con primaria, coma ser lecturas compartidas, xogos tradicionais entre outras. Estas foron moi enriquecedoras para favorecer o proceso de socialización do alumnado.

Segundo as actividades desenvolvidas empregouse a asignación de tarefas e sobre todo o descubrimento guiado e a resolución de problemas sen perder a espontaneidade. Dándolle prioridade ao papel do alumno como principal protagonista do proceso de ensino – aprendizaxe, assumindo responsabilidades cada vez más complexas, fomentando así a súa autonomía e autoestima.

En relación aos recursos, empregáronse aqueles referentes ás TIC's presentes nas aulas (pantalla interactiva , ordenador), no centro (Aulanet, robots ...), outros más tradicionais (libros de consulta, contos, etc.), e materiais do medio natural (follas, castañas, landras, flores). Ademais, e co fin de fomentar no alumnado unha actitude de valoración do medio ambiente, tamén empregamos materiais de refugallo (bricks de leite, botellas de auga ou cartóns).

### Avaliación

A avaliación foi continúa ao longo de todo o curso. Valorándose o traballo diario na aula, o nivel de participación, a creatividade e as iniciativas persoais a través sobre todo a observación directa e sistemática, e sempre tendo en conta e respectando as capacidades particulares de cada neno e nena.

Tivemos en conta o comportamento, a actitude, así como a capacidade de asumir responsabilidades , procurando que as nenas e nenos fixesen un exercicio de autoavaliación, para poder retroalimentar o proceso.

### Conclusión e propostas de mellora

A modo de conclusión, hai que valorar de forma moi positiva a coordinación cos equipos do centro.

Con respecto á relación coas familias, realizamos reunións e entrevistas individuais ao longo de todo o curso. Destacase especialmente o uso da mensaxería de abalarMóbil para informar de actividades e compartir dúbidas e comunicacións e o uso da Aula Virtual de centro para amosar a modo de documentación pedagólica as actividades feitas na aula e propostas de traballo.

Consideramos prioritario seguir programando actividades de animación á lectura, para que o hábito lector sexa unha realidade no noso alumnado. En este curso realizáronse actividades de estimulación da linguaxe oral impartidas pola mestra especialista en PT.

Foi moi positiva a coordinación cos niveis de Educación Primaria para a realización dalgunhas actividades relacionadas coas diferentes conmemoracións.

Resultaron así mesmo, moi enriquecedoras e positivas tanto as visitas ao centro por diferentes persoas e asociacións coma as saídas á contorna próxima.

Levamos a cabo o fomento das novas tecnoloxías, utilizando as pantallas dixitais das aulas para realizar diversas actividades, tanto nas titorías como nas especialidades de música e inglés.

Ao longo do curso observouse unha boa evolución dos dous grupos acadando os obxectivos propostos para o mesmo.

## 1º / 2º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA

### Desenvolvemento da programación

Características do grupo-aula 1º/2º:

O grupo consta de 15 alumnos e alumnas dos cales 8 cursaron 1º de Educación Primaria e os 7 restantes 2º de Educación Primaria.

A nivel académico destacamos a heteroxeneidade propia dunha aula mixta, con alumnado en diferentes niveles de desenvolvemento, tanto a nivel cognitivo como de aprendizaxe. Tentouse adaptar a programación ás diferentes necesidades educativas e específicas do alumnado e contouse coa intervención da mestra de PT para o alumnado que máis o precisaba.

Así mesmo, a programación desenvolveuse con normalidade, dun xeito activo e propiciando a participación constante do alumnado no seu proceso educativo. Fomentáronse actividades o más integradoras posibles buscando adaptar e personalizar o proceso de ensino e aprendizaxe ás necesidades de cada alumno/a e empregando diferentes tipos de agrupamentos: traballo en equipo, en gran grupo e a nivel individual.

### Logro dos obxectivos programados na PXA:

Na seguinte táboa aparecen os obxectivos programados ao principio de curso na PXA para proceder á súa valoración.

## OBXECTIVOS PROGRAMADOS

**Valoración**

	A	B	C
Adaptar o Currículo á realidade social do Centro e, especificamente, do nivel.	X		
Manter actualizada a metodoloxía didáctica.	X		
Crear e manter actualizada a aula virtual do grupo.	X		
Continuar co coidado e conservación do centro, contribuíndo á limpeza periódica e ao mantemento do patio e demais instalacións.		X	
Continuar co programa de reciclaxe de papel, pilas, aceite dentro do Plano Medioambiental do Centro.		X	
Colaborar nas actividades programadas relacionadas coas seguintes celebracións: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Semana da Prensa, Letras Galegas, Día do Medio Ambiente e Fin de curso.	X		
Levar a cabo ao longo do curso en coordinación co Equipo de Biblioteca o proxecto do centro: "Os bibliotrisquis viaxan con Marco Polo".	X		
Concretar nos distintos niveis a realización de actividades aprobadas polo Centro.	X		
Aplicar medidas de Atención á Diversidade para os/as alumnos/as que o precisen.	X		
Fomentar as relacións coas familias mediante reunións periódicas.	X		

A = Totalmente acadado; B = Acadado parcialmente; C = Non iniciado

## Grao de consecución dos obxectivos e as competencias clave en función dos criterios de avaliación sinalados na programación

As competencias que se traballaron son as seguintes: Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM), competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA), competencia cidadá (CC), competencia emprendedora (CE), competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC), competencia dixital (CD), competencia en comunicación lingüística (CCL) e competencia plurilingüe (CP).

En canto á consecución dos diferentes obxectivos e competencias, a maioría do alumnado acada o mínimo requirido; se ben considérase preciso reforzar certos contidos de cara ao próximo curso, poñendo especial énfase nos obxectivos e competencias más directamente relacionados coas áreas instrumentais de lingua e matemáticas.

O 100% do alumnado supera os obxectivos básicos relacionados coas materias de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais (CN e CS), Educación Física (EF), Proxecto Competencial/Relixión católica (PC/RelCa), Educación Plástica e Visual (EPV) e Música e Danza (MD); con cualificacións medias entre o ben (BE) e o notable (NT).

Un 80% do alumnado supera os obxectivos básicos relacionados coas materias de Lengua Castellana y Literatura (LCL) e Lingua Galega e Literatura (LGL) e un 73,33% na área de Matemáticas (MAT); con cualificacións medias entre o ben (BE) e o notable (NT).

O 13,33% do alumnado mostra dificultades e un nivel inferior ao esperado, non alcanzando os mínimos requiridos nas áreas instrumentais de Lengua Castellana y Literatura (LCL) e Lingua Galega e Literatura (LGL) e un 6,66% non alcanza os mínimos na área de Matemáticas (MAT).

Un 13,33% supera os mínimos con certas dificultades nas áreas de linguas (LCL e LGL) e un 20% supera os mínimos con certas dificultades na área de matemáticas (MAT); con cualificacións de suficiente (SU).

Considérase preciso, de cara ao próximo curso, un reforzo para mellorar as capacidades do noso alumnado en relación coas competencias STEM e CCL (relacionadas moi directamente coas áreas de linguas e matemáticas) e tamén coa CPSAA, co fin de favorecer a autonomía e as relacións interpersoais e socio-emocionais entre o alumnado.

## Metodoloxía e medios

Empregouse unha metodoloxía activa e participativa, de carácter lúdico e integrador.

Utilizáronse o descubrimento guiado e a resolución de problemas con busca de alternativas e solucións, ademais dos recursos TIC dispoñibles na aula (ordenador, panel dixital, Tablets con Snappet) xunto con outros recursos materiais: libros de texto de diferentes editoriais, libros de consulta, fichas, cadernos do alumnado, xogos, etc.

## Avaliación

A avaliación foi:

- Global: referida ao grao de adquisición das competencias clave e ao logro dos obxectivos.
- Continua: recollendo información sobre o progreso e as dificultades de aprendizaxe de cada alumna/o durante todo o proceso educativo.
- Formativa: co fin de orientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características e necesidades de cada alumna/o.

A avaliación levouse a cabo en diferentes momentos ao longo do curso, destacando:

- A avaliación inicial: para adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar unha progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe.
- As avaliações parciais: para recoller información durante todo o proceso empregando diferentes técnicas e instrumentos (observando o traballo diario na clase, a participación, a creatividade e as iniciativas persoais de todo o alumnado tendo en conta as súas capacidades e necesidades particulares).
- A avaliación final: co fin de consignar na acta de avaliação final as cualificacións do alumnado en relación cos obxectivos e as competencias clave; tomar decisións relativas a promoción ou non promoción do alumnado valorando de forma colexiada toda a información recollida ao longo do curso e determinar e adoptar as medidas precisas de cara ao próximo curso.

Os instrumentos e procedementos empregados foron os seguintes:

Procedementos	Instrumentos
Recompilación e/ou avaliación do traballo escrito (rúbricas específicas, anecdotario de aula, listas de control, etc.)	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Traballo diario.</li> <li>– Presentación, orde e coherencia do traballo escrito realizado día a día.</li> <li>– Probas de avaliação escritas (tipo test, de preguntas pechadas, abertas).</li> <li>– Traballos cooperativos. Resolución de exercicios e problemas.</li> <li>– Actividades de expresión escrita.</li> <li>– Actividades interactivas.</li> </ul>

Recompilación e/ou avaliación a partir do traballo oral (rúbricas específicas de expresión, anecdotal, listas de control, etc.)	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Participación e intervención do alumno/a.</li> <li>– Postas en común.</li> <li>– Probas orais individuais.</li> <li>– Lecturas expresivas.</li> <li>– Preparación en grupo de diversas actividades: coloquios, exposicións, debates...</li> <li>– Expresión, pronuncia e comunicación en gran grupo mediante actividades lúdicas, como poden ser representacións teatrais lidas ou actuadas, se o espazo o posibilita.</li> <li>– Resolución de conflitos mediante o diálogo.</li> </ul>
Observación directa sistemática do progreso da súa aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Escalas.</li> <li>– Listas de control.</li> <li>– Rexistros.</li> <li>– Ficha rexistro individual.</li> </ul>

Os criterios de cualificación que se seguiron para avaliar foron os que seguen:

60%	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Probas obxectivas, orais e escritas de cada unidade.</li> <li>-Follas de avaliación ao finalizar o trimestre.</li> </ul>
30%	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Observación de traballos diarios no caderno e no .</li> <li>-Estudo diario.</li> <li>-Realización correcta dos traballos de xeito autónomo.</li> <li>-Organización e presentación dos traballos.</li> </ul>
10%	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Actitude: interese, participación e esforzo.</li> <li>-Respecto polos demais.</li> <li>-Responsabilidade no material propio e da aula.</li> <li>-Comportamento axeitado.</li> </ul>

## Conclusión e propostas de mellora

Consideramos un avance moi positivo en xeral do grupo-aula a pesar da heteroxeneidade e necesidades educativas do alumnado. Tanto a nivel de actitude como de traballo, os nenos e nenas acadaron unhas rutinas moi propias da súa idade; se ben consideramos importante seguir traballando na autonomía e a nivel socio-emocional.

Ao longo do curso, realizáronse moitas actividades e proxectos motivadores para o alumnado. Con todo é unha aula na que se precisa reforzo xeral nas áreas instrumentais (nas capacidades de lectoescritura, expresión oral e escrita, razonamento matemático e resolución de problemas...), potenciar a autonomía do alumnado e mellorar as relacións interpersoais favorecendo a adquisición de ferramentas de xestión emocional e para a resolución pacífica de conflitos.

## 3º/4º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA

### Desenvolvemento da programación

Neste curso 2023/24 levouse a cabo un desenvolvemento correcto da programación establecida para dito curso.

Traballáronse, na medida do posible e tendo en conta as variables da aula, os contidos marcados pola lei para contribuír á consecución das competencias clave do alumnado , seguíndose o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, no que se recolle a ordenación do novo currículo de Educación Primaria para a nosa comunidade autónoma.

A aula conformouse por un total de **19 alumnos/as**, dos cales 13 alumnos formaban o 3º curso e 6 o 4º curso.

No curso 2023/2024, o profesorado que impartiron docencia no grupo de terceiro e cuarto de Dicir que houbo **3 alumnos de nova incorporación** al centro ao inicio do curso e **1 alumno** que se incorporou á metade do primeiro trimestre. Educación Primaria foi:

- Alicia Anta Rodríguez (titora): Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Lingua Castelá, Lingua Galega e Proxecto Competencial.

- Ana Alvarellos Figueroa: Educación Física e Educación Plástica.
- Eva Castro Cruz Lingua estranxeira (Inglés).
- Mª Carmen Canto Centeno: Relixión
- Sheila Margarita Puñal Gerpe: Educación Musical.
- María José Eirís Guillín: Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

## Atención á diversidade.

Este é un apartado de especial relevancia nesta aula. Leváronse a cabo medidas de atención á diversidade tanto **ordinarias** como **extraordinarias**. Dous dos alumnos recibiron apoio individualizado por parte do profesor de PT dentro da aula e cinco alumnos tiveron reforzo por parte da titora dependo das necesidade que apareceron ao longo do curso. Houbo dous alumnos que contaron cunha adaptación curricular, unha delas xa comezouse o curso pasado e noutro caso aplicouse en este curso. En ambos casos, tivemos en conta os criterios e estándares establecidos en dita adaptación tanto á hora de traballar como de avaliar.

Importante sinalar que tamén houbo unha observación directa do día a día así como un rexistro no diario de aula e outro de conduta para deixar por escrito determinadas situacións e comportamentos duns casos concretos da aula que necesitaban de atención específica.

Houbo comunicación co EOE e a posterior visita ao centro no segundo trimestre para a observación na aula e reunión co claustro para compartir opinións e buscar solucións a determinadas problemáticas que xurdiron durante o curso. Remarcar que tamén houbo visita por parte do departamento de inspección de centros para valorar a aula e establecer posibles medidas futuras.

Cómpre facer alusión á gran diversidade da aula, terceiro é un grupo con moi pouca autonomía, moi demandante e con maiores dificultades a nivel condutual e curricular. A isto, hai que engadir que hai moitos problemas de cohesión de grupo que afectan ao día a día da aula.

## Logro dos obxectivos programados na PXA:

OBXECTIVOS PROGRAMADOS	Valoración		
	A	B	C
Adaptar o Currículo á realidade social do Centro e, especificamente, do nivel.	X		
Manter actualizada a metodoloxía didáctica.	X		
Crear e manter actualizada a aula virtual do grupo.	X		
Continuar co coidado e conservación do centro, contribuíndo á limpeza periódica e ao mantemento do patio e demais instalacións.		X	
Continuar co programa de reciclaxe de papel, pilas, aceite dentro do Plano Medioambiental do Centro.		X	
Colaborar nas actividades programadas relacionadas coas seguintes celebracións: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Semana da Prensa, Letras Galegas, Día do Medio Ambiente e Fin de curso.	X		
Levar a cabo ao longo do curso en coordinación co Equipo de Biblioteca o proxecto do centro: "Os bibliotrisquis viaxan con Marco Polo".	X		
Concretar nos distintos niveis a realización de actividades aprobadas polo Centro.	X		
Aplicar medidas de Atención á Diversidade para os/as alumnos/as que o precisen.	X		
Fomentar as relacións coas familias mediante reunións periódicas.	X		
A = Totalmente acadado; B = Acadado parcialmente; C = Non iniciado			

Ademais do cumprimento dos obxectivos programados polo centro arriba especificados, o grupo de terceiro e cuarto participou en diversas actividades complementarias incluídas na PXA (**ver documento PXA para más especificacións**) e celebrou todas as conmemoracións que inclúe a orde de calendario como obrigatorias.

**Grao de consecución dos obxectivos e as competencias clave en función dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe sinalados na programación**

A nivel de aula pódese afirmar que logramos acadar os obxectivos programados para este curso aínda que houbo variacións dependendo de cada alumno e das súas capacidades e necesidades particulares.

Respecto as competencias clave, houbo un desenvolvemento axeitado das diferentes competencias (matemática, aprender a aprender, sociais e cívicas, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais). Cómpre especificar que algunas delas, en concreto a de **aprender a aprender** así como a **social e cívica** non tiveron o desenvolvemento esperado é sería conveniente unha continuidade focalizada nestas competencia no próximo curso (traballo da xestión das emocións, relacións sociais, iniciativa, etc.).

**Promocionan** todos os/as alumnos/as de 3º e de 4º, preto do **90%** da aula pasa o seguinte curso con **todas as materias aprobadas** aínda que as cualificacións son moi variables dentro destas promocións.

Rematamos o curso con un alumno (**5%**) cuxa promoción é forzosa debido a que hai varias materias suspensas entre as que se atopan as troncais.

## Metodoloxía e medios.

Falar de metodoloxía implica preguntarse o “que” e o “como” vamos a facer para levar a cabo unha aprendizaxe con éxito. A programación neste curso atende a os seguintes principios metodolóxicos establecidos polo D105/2014:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.**
- Asegurar aprendizaxes significativas.**
- Contribuír a desenvolver o “aprender a aprender”.**
- Detectar os esquemas de coñecemento.**
- Propiciar unha intensa actividade-interactividade por parte do alumnado.**

Neste caso, a metodoloxía levada a cabo tivo un **carácter globalizador** tentando traballar os contidos de xeito integrado e non en compartimentos estanco. Traballamos facendo un uso activo da metodoloxía sendo os alumnos os protagonistas e non meros espectadores.

Púxose especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detectaron.

Partiuse dos coñecementos e experiencias previas do discente, así como dos seus temas de interese e motivación, como punto de partida para chegar a contidos novos ou más elaborados, traballando de xeito individual e en grupo.

Sustento relacionar sempre os novos contidos coa vida cotiá e diaria, achegando exemplos claros e concisos do seu día a día.

Segundo as actividades desenvolvidas utilizouse a asignación de tarefas e sobre todo o descubrimento guiado e a resolución de problemas sen perder a espontaneidade.

Así mesmo, utilizáronse os recursos TIC dispoñibles na aula ( pantalla dixital,...) e no centro (Aula Virtual, Espazo Abalar, Snappet) ,xunto aos medios más tradicionais (libros de texto , de consulta, xogos manipulativos)...

## Relación coas familias.

A implicación por parte das familias foi variable. En xeral , son familias implicadas e receptivas pero va a depender de cada caso particular.

Levouse a cabo unha comunicación constante mediante **titorías** cada semana (procurando ter con cada familia unha por trimestre e incluso dúas). Ao inicio do curso levouse unha **reunión inicial** cos pais e nais onde se lles informou de pautas comúns de actuación no referente a hábitos, horarios, actitudes e normas de convivencia.

Debido as circunstancias da aula a nivel condutual houbo que levar a cabo **dúas reunións xerais** convxuntas para informar sobre a marcha da aula (**unha no primeiro trimestre e outra no segundo**) e por suposto, houbo unha comunicación constante na plataforma Abalar así como uso da aula virtual para informar de tarefas ou datas a ter en conta.

Engadir que a comunicación e intercambio de información co **departamento de orientación** foi moi fluída e constante tanto coa titora como coas familias así como con **outros organismos**.

## Avaliación

Dende o principio de curso e de xeito conxunto co resto do profesorado **estableceronse uns criterios de avaliación comúns que se detallan más abaixo**.

Levouse a cabo unha avaliação continua ao longo de todo o curso así como unha **avaliación inicial** no mes de setembro. Valorouse o traballo diario na clase, o nivel de participación, a creatividade e as iniciativas persoais, sempre segundo as capacidades particulares de cada alumno/a.

Tívose moi en conta a actitude (interese, participación, esforzo), o comportamento, así como a responsabilidade co material de aula e propio.

Os instrumentos e procedementos empregados foron os seguintes:

Procedementos	Instrumentos
Recompilación e/ou avaliação do traballo escrito (rúbricas específicas, anecdotario de aula, listas de control, etc.)	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Traballo diario.</li> <li>– Presentación, orde e coherencia do traballo escrito realizado día a día.</li> <li>– Probas de avaliação escritas ( tipo test, de preguntas pechadas, abertas).</li> <li>– Traballos cooperativos. Resolución de exercicios e problemas.</li> <li>– Actividades de expresión escrita.</li> <li>– Actividades interactivas.</li> </ul>
Recompilación e/ou avaliação a partir do traballo oral (rúbricas específicas de expresión, anecdotario, listas de control, etc.).	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Participación e intervención do alumno/a.</li> <li>– Postas en común.</li> <li>– Probas orais individuais.</li> <li>– Lecturas expresivas.</li> <li>– Preparación en grupo de diversas actividades: coloquios, exposicións, debates...</li> <li>– Expresión, pronuncia e comunicación en gran grupo mediante actividades lúdicas, como poden ser representacións teatrais lidas ou actuadas.</li> <li>– Resolución de conflitos mediante o diálogo.</li> </ul>

Observación directa sistemática do progreso da súa aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– ☐ Escalas.</li> <li>– ☐ Listas de control.</li> <li>– ☐ Rexistros.</li> <li>– ☐ Ficha rexistro individual.</li> </ul>
-----------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Os **criterios de cualificación** que se seguiron para avaliar foron os que seguen:

#### PORCENTAXE ASIGNADA CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

60 % - Probas de avaliación escritas ou orais. - Valoración do traballo individual, encerado ou web e traballo en grupo. - Realización correcta dos traballos.

30 % - Traballo diario: remate das tarefas no tempo estipulado. - Presentación dos traballos e organización destes. - Preparación das exposicións orais.

10 % - Actitude: interese, motivación e participación co grupo. - Comportamento axeitado. - Escoita activa.

<b>60%</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Probas de avaliación escritas ou orais.</li> <li>– Valoración do traballo individual, encerado ou web e traballo en grupo.</li> <li>– Realización correcta dos traballos.</li> <li>– Estudio diario.</li> </ul>
<b>30%</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo diario: remate das tarefas no tempo estipulado.</li> <li>- Presentación dos traballos e organización destes.</li> <li>- Preparación das exposicións orais.</li> </ul>

<b>10%</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Actitude: interese, motivación e participación co grupo.</li> <li>– Escoita activa.</li> <li>– Responsabilidade no material propio e de aula.</li> <li>– Comportamento adecuado, en sintonía coas normas de aula e de centro.</li> </ul>
------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

## Conclusión e propostas de mellora

Dende logo, como en todo proceso, sempre hai aspectos susceptibles de mellora. No referente á programación podería ser positivo, debido a que se trata de aulas mixtas, programar pensando de xeito conxunto ou tentar unificar coñecementos para facer máis sinxela a labor docente e o funcionamento da mesma. Nesta aula, debido as súas características e todas as variables que a conforman, sería interesante de cara a próximos cursos a posibilidade de **desdobre** para favorecer o proceso educativo.

Foi **moi positiva e adecuada a coordinación cos equipos de centro** especialmente con departamento de orientación, onde tivemos un traballo conxunto moi frutífero así como co especialista de **PT e AL** sendo todos eles absolutamente necesarios para a marcha do curso.

No próximo curso esperamos que se siga cubrindo, se require, as necesidades de apoio individualizado en PT e AL así poderáselle dar ao alumnado a atención necesaria que precise para poder acadar os obxectivos mínimos de nivel así como que se valore a posibilidade dun desdobre.

## 5º/6º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA

### Profesorado

Eva Belén Castro Cruz- Titora do 3º ciclo e mestra de lingua inglesa

Ana Alvarellos Figueroa- Mestra de E.F.

Sheila Puñal Gerpe- Mestra de música.

María José Eirís Guillín – Mestra de PT/AL.

María del Carmen Canto Centeno – Mestra de relixión.

## Desenvolvemento da programación.

A programación desenvolveuse segundo o previsto, sendo modificada lixeiramente para atender as necesidades e intereses do alumnado que foron xurdindo e para, temporalmente, adaptarse ao seu progreso. Conseguíuse de forma óptima acadar os obxectivos establecidos nela, así como, a nivel curricular e no referente ás competencias clave, dotar ao alumnado das ferramentas necesarias para promocionar. Deste xeito, a nivel xeral, a consecución da programación para 5º e 6º de Educación Primaria foi satisfactoria.

Foi pensada para 18 alumnos/as (seis de 5º de Educación Primaria e doce de 6º de Educación Primaria), tratándose pois dun grupo mixto. Nela tívose en conta, en todo momento, a atención a toda a diversidade da mesma. Para iso tomouse como referencia o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia**, aplicándose distintas medidas, como son as seguintes:

- Medidas ordinarias de atención a diversidade (aqueles que non supoñen unha modificación profunda dos elementos do currículo).
  1. Adaptación da programación didáctica á realidade educativa do centro e da aula.
  2. Traballo cooperativo, realizando actividades e exercicios en grupos heteroxéneos que promoven a inclusión e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
  3. Realización de tarefas integradas, que nos permiten avanzar na adquisición dunha competencia ao mesmo tempo, traballando a distintos niveis cognitivos.
  4. Adaptación dos tempos.
  5. Reforzo educativo para o alumnado que o precisa.
- Medidas extraordinarias de atención á diversidade.

## Logro dos obxectivos programados na PXA:

Na seguinte táboa aparecen os obxectivos programados ao principio de curso na PXA para proceder a súa valoración.

OBXECTIVOS PROGRAMADOS	Valoración		
	A	B	C
Adaptar o Currículo á realidade social do Centro e, específicamente, do nivel.	X		
Manter actualizada a metodoloxía didáctica.	X		
Crear e manter actualizada a aula virtual do grupo.	X		
Continuar co coidado e conservación do centro, contribuindo á limpeza periódica e ao mantemento do patio e demais instalacións.		X	
Continuar co programa de reciclaxe de papel, pilas, aceite dentro do Plano Medioambiental do Centro.	X		
Colaborar nas actividades programadas relacionadas coas seguintes celebracións: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Semana da Prensa, Letras Galegas, Día do Medio Ambiente e Fin de curso.	X		
Levar a cabo ao longo do curso en coordinación co Equipo de Biblioteca o proxecto do centro: "Os bibliotrisquis viaxan con Marco Polo".	X		
Concretar nos distintos niveis a realización de actividades aprobadas polo Centro.	X		
Aplicar medidas de Atención á Diversidade para os/as alumnos/as que o precisen.	X		
Fomentar as relacións coas familias mediante reunións periódicas.	X		

A = Totalmente acadado; B = Acadado parcialmente; C = Non iniciado

## Grao de consecución dos obxectivos e as competencias clave en función dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe sinalados na programación.

Acadáronse os obxectivos programados para o presente curso, cada un segundo as súas capacidades, así como un desenvolvemento axeitado das diferentes competencias clave que están máis directamente relacionadas con cada área. Estas son un conxunto de destrezas, coñecementos e actitudes axeitadas ao contexto que todo o alumnado debe alcanzar para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa e a integración social. Neste caso, contribuíuse á:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresión cultural.

Por tanto, o alumnado, en xeral, alcanzou un desenvolvemento aceptable de acordo co nivel esperado para este curso.

Materias e número de aprobados:

MATERIA	5º EP	6 alumn@s	6º EP	12 alumn@s
CS	6		12	
CN	6		12	
LC	5/6		12	
LG	5/6		12	
LE. Inglés	6		12	
EF	6		12	
MD	6		12	
MAT	6		12	
PC	6		12	
EPV	6		12	
EVCE	4/6	aprobados:4	11/12	aprobados:11
Relixión	2/6	aprobados:2	1/12	aprobados:1

## Metodoloxía e medios.

Ao longo do curso escolar, seguíronse as liñas metodolóxicas marcadas de forma específica na programación de aula, de xeito que se empregou unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa e participativa; dirixida ao logro dos obxectivos e a adquisición dos estándares de aprendizaxe.

Do mesmo xeito, nesta programación, tívose en conta o uso da Aula Virtual ao longo de todo o curso e o emprego das tablets mediante a aplicación Snappet. O seu uso foi favorable, así como amosaron as enquisas finais das familias e a percepción dos mestres.

Procurouse sempre que o docente tivera un papel de orientador, guía e facilitador do desenvolvemento da formación integral do alumnado, convertendo a este último no protagonista da súa aprendizaxe. Tamén se realizaron, para elo, pequenos proxectos que integraban diferentes áreas, actividades cooperativas, tarefas de reflexión, xogos de enxeño e pequenas exposicións en conxunto. Perseguíuse así o aspecto lúdico pero tamén a calidade nas diferentes propostas didácticas, colaborando entre si os mestres das diferentes materias, cando así se requiría.

A programación de cada área atense ao currículo e pretende mellorar as Competencias Clave do alumnado do niveis de 5º e 6º de Primaria. O emprego das novas tecnoloxías, favoreceu a adquisición das competencias. Tamén se traballou no 5º e 6º nivel en cooperativo, así como nas tarefas que conceden máis importancia ás competencias que aos contidos. As programacións de 5º e 6º realizáronse a través da aplicación "PROENS".

## Avaliación.

A avaliación foi continua ao longo de todo o curso. Valorouse o traballo diario na clase, o nivel de participación, a creatividade e as iniciativas persoais, sempre segundo as capacidades particulares de cada alumno/a.

Tívose moi en conta a actitude e o comportamento, así como a responsabilidade.

Do mesmo xeito, empregouse a avaliación figuro analólica, que nos permite realizar unha autoavaliación por parte do alumnado, ao mesmo tempo que conseguimos coñecer como se sentiu ao realizar unha determinada tarefa e o grado de adecuación da mesma.

Os instrumentos e procedementos empregados foron os seguintes:

<b>Procedementos</b>	<b>Instrumentos</b>
<b>Recompilación e/ ou avaliación do traballoescrito (rúbricas específicas, anecdotario de aula, listas de control, etc.)</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Traballo diario.</li> <li>2. Presentación, orde e coherencia do traballo escrito realizado día a día.</li> <li>3. Probas de avaliación escritas ( tipo test, de preguntas pechadas,abertas).</li> <li>4. Traballos cooperativos. Resolución de exercicios e problemas.</li> <li>5. Actividades de expresión escrita.</li> <li>6. Actividades interactivas.</li> </ol>
<b>Recompilación e/ou avaliación a a partir do traballo oral (rúbricas específicas de expresión, anecdotario, listas decontrol, etc).</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participación e intervención do alumno/a.</li> <li>- Postas en común.</li> <li>- Probas orais individuais.</li> <li>- Lecturas expresivas.</li> <li>- Preparación en grupo (coloquios, exposicións, debates...).</li> <li>- Expresión,pronuncia e comunicación en gran grupo mediante actividades lúdicas, como poden ser representacións teatrais lidas ou actuadas.</li> <li>7. Resolución de conflitos mediante o diálogo.</li> </ul>
<b>Observación directa sistemática do progreso da súa aprendizaxe.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escalas.</li> <li>- Listas de control.</li> <li>- Rexistros. Ficha rexistro individual.</li> </ul>

Os **criterios de cualificación** que se seguiron para avaliar foron os que seguen:

60%	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Probas escritas.</li> <li>- Estudio diario.</li> <li>- Observación de tarefas no caderno e no encerado; así como da forma de traballar cooperativamente.</li> <li>- Preguntas directas sobre o que se está tratando.</li> <li>- Realización correcta dos traballos.</li> </ul>
30%	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo diario: realización das actividades estipuladas nun tempo axeitado.</li> <li>- Organización e presentación de proxectos e/ou tarefas.</li> </ul>
10%	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actitude: interese e participación.</li> <li>- Respecto.</li> <li>- Responsabilidade no material propio e de aula.</li> <li>- Comportamento adecuado, en sintonía coas normas de aula e de centro.</li> </ul>

## Conclusión e propostas de mellora.

A partir da avaliación inicial, adaptar canto antes, a programación ás necesidades educativas do alumnado. Con tal fin, aconséllase consultar os informes individualizados que foron realizados este curso, e foron achegados aos expedientes dos alumnos/as.

Intentar mellorar a competencia dixital do alumnado.

Potenciar as tarefas que conceden máis importancia ás competencias fronte aos contidos.

Continuar co traballo cooperativo en 5º e 6º para que o alumnado sexa consciente do traballo que vai a realizar.

O fomento da lectura e o uso da Biblioteca Escolar. Continuar coas diferentes actividades (lecturas, dramatizacións...), encamiñadas ao fomento da lectura.

Darlle uso ao material concedido a través dos "Polos Creativos" por medio das distintas materias e especialmente a través do "Proxecto Competencial".

Fomentar o uso do galego nos distintos ámbitos da nosa vida educativa e fóra dela para intentar recuperar o noso idioma que está a desaparecer da nosa vida cotiá (tanto no profesorado como no alumnado).

Potenciar os obxectivos que impliquen a adquisición de valores, e incluír máis actividades que potencien a cohesión dos grupos.

## Avaliación da práctica docente.

Atopamos cada vez más dispersión e menos entusiasmo polas tarefas educativas e más alumnado que necesita dunha aprendizaxe moi individualizada na aula.

Atopamos algunas dificultades á hora de impartir clase na aula debido ás grandes diferencias de coñecementos e inquietudes entre eles/as. Isto dificulta a marcha das clases, o cambio de actividade, as lecturas en voz alta... así mesmo fai difícil unha atención más individualizada para os que más o necesitan, descompensándose o valor de "igualdade de oportunidades"

## EDUCACIÓN FÍSICA

## DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

Durante o presente curso escolar as actividades da área de Educación Física desenvolvéronse de xeito ordinario, atendéndoas instrucións de organización sinaladas dende o propio centro educativo. A programación, en xeral, desenvolveuse con normalidade mais, en momentos puntuais, realizáronse determinadas modificacións na secuencia temporal das unidades didácticas debido as condicións meteorolóxicas.

Houbo tres grupos. Cada grupo incluía dous niveis de primaria. A distribución de tales grupos foi a seguinte:

Grupo 1:

- 1º curso: 8 alumnos/as (4 nenos e 4 nenas)

- 2º curso: 7 alumnos/as (4 nenos e 3 nenas)

Grupo 2:

- 3º curso: 13 alumnos/as (7 nenos e 6 nenas)
- 4º curso: 6 alumnos (4 nenos e 2 nenas)

Grupo 3:

- 5º curso: 6 alumnos/as (4 nenos e 2 nenas)
- 6º curso: 12 alumnos/as (6 nenos e 6 nenas)

Os grupos resultaron ser bastante homoxéneos en capacidades e aptitudes cara ó exercicio físico e sempre moi motivados na realización das actividades propostas polo que non presentaron especiais dificultades á hora de desenvolver a programación prevista.

## Grao de consecución dos obxectivos e as competencias clave en función dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe sinalados na programación

Acadáronse os obxectivos programados para o presente curso 2023-2024, cada un segundo as súas capacidades, así como un desenvolvemento axeitado das diferentes competencias clave:

CCL – Competencia en comunicación lingüística

CP – Competencia plurilingüe

STEM – Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

CD – Competencia dixital.

CPSAA – Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

CC – Competencia cidadá.

CE – Competencia emprendedora.

CCEC – Competencia en conciencia e expresión culturais.

Hai que dicir que o alumnado, en xeral, acadou un desenvolvemento notable de acordo co nivel esperado para estes cursos.

## Metodoloxía e medios

A metodoloxía empregada foi eminentemente activa e participativa, primando o carácter lúdico e integrador nas propostas de clase.

Principalmente a principio de curso, traballouse co alumnado individualmente e por parellas e a medida que foi avanzando o curso fóreronse introducindo outras formas de organización grupal: pequeno, medio e gran grupo.

Segundo as actividades desenvolvidas utilizouse a asignación de tarefas e sobre todo a resolución de problemas para favorecer así a súa imaxinación, autonomía e creatividade.

Empregáronse os medios materiais e espaciais dos que dispón o centro aos que se sumou a utilización da aula virtual na que o alumnado puido ollar vídeos para coñecer máis sobre as temáticas que estaban a traballar nas sesións.

## Avaliación

Foi global e continua ao longo de todo o curso. Valorouse o traballo e esforzo diario nas actividades, a actitude cara os espazos e materiais e o respecto cara os demais compañeiros/as, así como o nivel de participación, a creatividade e as iniciativas persoais, sempre segundo as capacidades particulares de cada alumno/a.

Tívose moi en conta a actitude e o comportamento, así como a responsabilidade en canto ao aseo e hixiene persoal.

As cualificacións figuran a continuación no CADRO RESUMO DA AVALIACIÓN:

<b>GRUPOS</b>	<b>CUALIFICACIONES</b>									
	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>10</b>
<b>1º</b>	0	0	0	0	0	0	4 50%	2 25%	2 25%	0
<b>2º</b>	0	0	0	0	0	0	1 14.29%	5 71.42%	1 14.29%	0
<b>3º</b>	0	0	0	0	1 7.72%	2 15.38%	4 30.76%	4 30.76%	2 15.38%	0
<b>4º</b>	0	0	0	0	0	0	3 50%	0 %	3 50%	0
<b>5º</b>	0	0	0	0	0	1 16.66%	1 16.66%	2 33.33%	2 33.33%	0
<b>6º</b>	0	0	0	0	0	0	0	4 33.33%	7 58.33%	1 8.33%

	<b>Suficiente</b>	<b>Ben</b>	<b>Notable</b>	<b>Sobresaliente</b>
<b>1ºEP</b>	0%	0%	75%	25%
<b>2ºEP</b>	0%	0%	85,71%	14,29%
<b>3ºEP</b>	7,72%	15,38%	61,52%	15,38%
<b>4ºEP</b>	0%	0%	50%	50%
<b>5ºEP</b>	0%	16.66%	50%	33.33%
<b>6ºEP</b>	0%	0%	33.33%	66.66%

## LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

### Compoñentes

Eva Belén Castro Cruz.

#### Logro dos obxectivos programados.

Neste curso traballáronse os contidos marcados pola lei para contribuír á consecución das competencias básicas polo alumnado.

En xeral, estou satisfeita coa consecución dos obxectivos. O obxectivo principal, a adquisición da competencia lingüística e capacidade de comunicarse na lingua inglesa presenta diferencias entre os diferentes grupos de alumnos e alumnas. Isto débese a factores como o interese, a motivación , o entorno familiar ,etc. Os grupos nos que notei máis avance foron os grupos de 5º e 6º nivel de Educación Primaria. O seu esforzo, atención e motivación fixeron que o proceso de aprendizaxe da lingua inglesa resultase moito máis doado.

No 4º nivel de Educación Infantil , formado por 3 alumnos/as remataron o curso sen dificultade 2 deles. Un neno tivo dificultades.

No 5º nivel de Educación Infantil, formado por 8 alumnos/as remataron o curso sen dificultade os 8.

No 6º nivel de Educación Infantil, formado por 11 alumnos/as ,dende o inicio do curso ata o final acadaron os obxectivos sen dificultade.

(O nivel de Educación Infantil fórmano dous grupos mixtos).

No 1º nivel de Educación Primaria , formado por 8 alumnos/as , todos acadaron os obxectivos.

No 2º nivel de Educación Primaria, formado por 7 alumnos/as, todos acadaron os obxectivos.

( O 1º e o 2º nivel de Educación Primaria forman un grupo mixto).

No 3º nivel de Educación Primaria, formado por 13 nenos e nenas , acadando o 90% os obxectivos inicialmente propostos. Dous alumnos non acadaron os obxectivos. Un alumno deste curso con adaptación curricular.

No 4º nivel de Educación Primaria, formado por 6 alumnos/as, todos acadaron os obxectivos marcados ao final de curso. Un alumno deste curso con adaptación curricular.

(O 3º e o 4º nivel de Educación Primaria forman un grupo mixto)

No 5º nivel de Educación Primaria, formado por 6 alumnos/as, todos acadaron os obxectivos propostos. Un deles con reforzo educativo.

No 6º nivel de Educación Primaria, formado por 12 alumnos e alumnas, todos e todas acadaron os obxectivos marcados. Dous deles con reforzo educativo.

( O 5º e o 6º nivel de Educación Primaria forman un grupo mixto).

## Actividades realizadas.

### Educación Infantil.

O rendemento académico do alumnado foi satisfactorio. Os obxectivos e contidos foron adecuados para cada nivel.

Ó longo do curso traballamos coas unidades temáticas, unha sesión semanal de 50m por nivel, nas que traballamos os conceptos e contidos e consolidamos o vocabulario e a linguaaxe, con actividades de consolidación empregando o encerado dixital, contos e fichas fotocopiables adaptadas ó nivel.

Nesta etapa de Educación Infantil as destrezas de Listening e Speaking son prioritarias, pero isto non impidiu que os nenos comezaran a aproximarse ao código escrito e especialmente á literatura infantil a través do uso de contos e cancións.

No referente ao alumnado con problemas de aprendizaxe, o ideal sería contar con máis apoio e axuda, por tratarse de alumnos/as que requieren moita atención individualizada.

Nesta etapa da Educación Infantil, a avaliación foi moi positiva, xa que se acadaron os contidos e as competencias básicas propostas.

## 1º CICLO.

A metodoloxía de traballo foi activa e moi participativa, comenzando dende o punto de partida da aprendizaxe no coñecementos previos dos alumnos, favorecendo así o seu crecemento persoal, a súa socialización e desenvolvemento.

A distribución de clases foi de 2 sesións semanais de 50 minutos cada unha.

Como material educativo empregado foi o libro de Inglés New Tiger 1-2 Activity Book, así como fichas de elaboración propia, fichas de reforzo e de ampliación por unidades, flashcards, stickers e todo tipo de material manipulable tamén distribuído por unidades.

O rendemento foi satisfactorio. Os obxectivos foron acadados por todo o alumnado.

## 2º CICLO.

A metodoloxía de traballo foi activa e moi participativa, comenzando dende o punto de partida da aprendizaxe no coñecementos previos dos alumnos, favorecendo así o seu crecemento persoal, a súa socialización e desenvolvemento.

A distribución de clases foi de 3 sesións semanais de 50 minutos cada unha.

Como material educativo empregado foi o libro de Inglés New Tiger 3-4 Activity Book, así como fichas de elaboración propia, fichas de reforzo e de ampliación por unidades, flashcards, stickers e todo tipo de material manipulable tamén distribuído por unidades.

Tamén utilizamos Snappet como reforzo de vocabulario e repaso xeral dos temas.

O rendemento foi satisfactorio en xeral. Todos/as os/as alumnos/as acadaron os obxectivos propostos, excepto dous deles no grupo de 3º. Facer fincapé no positivo que resulta o apoio dentro da aula para atender á diversidade do alumnado.

## 3º CICLO.

A metodoloxía de traballo foi activa e moi participativa, comenzando dende o punto de partida da aprendizaxe no coñecementos previos dos alumnos, favorecendo así o seu crecemento persoal, a súa socialización e desenvolvemento.

A distribución de clases foi de 3 sesións semanais de 50 minutos cada unha.

Como material educativo empregado foi o libro de Inglés New Tiger 5-6 Activity Book, así como fichas de elaboración propia, fichas de reforzo e de ampliación por unidades, flashcards, stickers e todo tipo de material manipulable tamén distribuído por unidades.

Utilizamos Snappet ó remate de cada tema como actividade de reforzo e adquisición de vocabulario e mellora da expresión oral.

Fixéronse actividades de investigación tanto individualis como grupais e exposicións de traballos durante os tres trimestres.

O rendemento foi moi satisfactorio en xeral. Todos/as os/as alumnos/as acadaron os obxectivos propostos.

## Conclusión e propostas de mellora.

O alumnado gozou coas actividades propostas fóra do cotiá como as representacións orais, os murais e carteis ou os escape-room que fixemos ao longo do curso, nos que se traballaban de forma máis lúdica os contidos dos temas e nos que o foco de interese viña tamén marcado polos contidos dos temas. Para o vindeiro ano proponse seguir facéndoo en todos os niveis.

## MÚSICA E DANZA

### A aula

A aula da materia *Música e danza* atópase no segundo andar e conta con gran luminosidade natural. As cadeiras de pa (para a realización de actividades escritas, fundamentalmente) atópanse formando unha "U". Isto permite un gran espazo no medio para realizar actividades relacionadas co movemento, a danza e a performance. A disposición da aula facilita o desenvolvemento dos catro bloques en que se organiza o currículo: Educación musical: percepción e análise; Educación musical: creación e interpretación; Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise; Educación en artes escénicas: creación e interpretación. Pártese, para iso, do *Decreto*

*155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Os instrumentos (tanto PAI e PAD), así como outro material complementario, gárdanse nos estantes e espazos que se atopan detrás das cadeiras, de xeito organizado e accesibles ao alumnado, para que eles mesmos poidan, de xeito responsable, acceder a eles cando se requiren.

Así mesmo, cóntase cun ordenador propio de aula, cun taboleiro móvil (liso por un lado e con pentagrama polo outro) e un dixital, que favorece a proxección de vídeos e a realización de xogos musicais interactivos. Tamén, tras a mesa do/a docente, atopamos un teclado, un recurso que pode ser de gran utilidade para o desenvolvemento das sesións.

Por último, recalcar a presenza dun altofalante móvil a nivel de centro, que se emprega noutros espazos do centro (pavillón, entrada e biblioteca) para a realización de ensaios musicais e de diversas festividades (Letras Galegas, Entroido, Día da Paz...), así como unha nova megafonía que permite avisos, comunicados a nivel de centro e a escolla de repertorio para as sereas; e tamén a presenza de material extramusical, como é a dispoñibilidade de tablets, ordenadores e tela chroma na aula TIC.

## O alumnado

O alumnado do centro, en xeral, ten unha boa disposición cara as actividades artísticas e, más concretamente, musicais; o que favorece a realización de diferentes propostas. Porén, segue a prevalecer algúns pensamento erróneo de que a materia de Educación Musical é inferior ás demás. Esta crenza, que amosan algunas familias, reflíctese nos propios nenos/as e na súa disposición cara a mesma. Son casos excepcionais mais que se deberían ter en conta para o vindeiro curso. Sería bo resaltar todas os beneficios que pode ofrecer a materia para a formación integral (a nivel físico, mental e psicolóxico) e os diferentes estudos que o avalan.

A práctica de frauta comezouse nos últimos niveis de Educación Primaria, especialmente en 5º e 6º. En 3º e 4º a práctica foi moi limitada, facendo só un pequeno achegamento, ante a imposibilidade de realizar este tipo de actividade sen afectar á diversidade complexa da aula; onde se mestura problemas graves emocionais, de conducta e tamén aspectos específicos característicos de determinados trastornos. Tratouse de aproveitar os seus beneficios (control respiratorio e do

sopro, vivencia dos elementos da música, carácter, motricidade fina, desenvolvimento auditivo...), sempre que isto non ocasionaba malestar e impedía o desenvolvemento das sesións.

A actitude de cara as actividades musicais por parte do alumnado foi boa. Describese a continuación a evolución dos grupos:

Para Educación Infantil programáronse sesións dinámicas, de tempos curtos para cada actividade, integrando o canto, a audición, o baile e a práctica musical en xogos. Traballáronse contidos adaptados á súa idade (discriminación e recoñecemento de sons da vida cotiá; diferenciación e producción de sons curtos e logos; débiles e fortes; agudos e graves; execución de ritmos básicos con percusión corporal, con PAI ou cotidiáfonos; canto e exploración da voz; recoñecemento auditivo e visual de instrumentos musicais; así como execución de coreografías sinxelas). O alumnado, con respecto a isto, amosou moi boa disposición e unha gran participación, que se reflectiu na súa evolución, totalmente positiva. É importante seguir traballando o sentido rítmico e, en especial, o canto, onde se observa un maior marxe de mellora.

En 1º e 2º de Educación Primaria as sesións desenvolvéronse de forma óptima. O alumnado amosou gran participación nas diferentes actividades e xogos. Só se percibiu, por parte dalgún alumnado, certo sentido do ridículo á hora de interpretar cancións, o que é importante tener en conta para o vindeiro curso e partir de actividades grupais lúdicas de canto que lle axuden pouquiño a pouco a perder ese medo a cantar. Isto únese a que un alumno presenta un Trastorno Específico da Linguaxe (TEL), o que lle xera maior pavor a realizar as actividades de canto, de aí a importancia de programar tendo en conta isto. Tamén se destaca alta motivación que producen as actividades de baile e de xogos de movemento; especialmente aquellas que se vinculan á interpretación ou performance. En canto á práctica instrumental, familiarizáronse co uso e interpretación dos instrumentos PAI e chegáronse a coñecer aspectos básicos dos PAD. Introducíronse aspectos básicos de linguaxe musical (clave de sol, pentagrama, a altura, nome dos instrumentos...), onde se percibiron maiores desniveis na aula, sendo algo sinxelo para uns e resultando uns contidos moi complexos para outros, non tendo iso relación co curso académico.

En canto a 3º e 4º de Educación Primaria, aínda que o alumnado alcanzou os contidos básicos do curso, non se observou unha evolución moi favorable. Percíbense moitos problemas de conducta e emocionais que alteran o desenvolvemento da sesións, polo o aproveitamento das mesmas non sempre é o programado. Aínda que hai alumnado con alta motivación de cara as actividades musicais, non sempre se poden levar a cabo de xeito organizado e proveitoso, o que resulta frustrante para moitos deles. Sería recomendable seguir traballando en conxunto co titor/a, co

equipo de orientación, coas familias e, cando sexa preciso, con organismos externos. Algo positivo do curso foi o desenvolvemento das sesións na aula de referencia, sendo unha rutina que favoreceu a todos. A aula de música, áinda que se organiza evitando o maior ruído visual posible, segue a resultar unha sobreestimulación (moitos instrumentos musicais) para un alumno da clase que presenta un TEA. Se para o vindeiro curso iso cambia, sería beneficioso mudar á aula específica, pois hai un maior espazo para as actividades de movemento que este ano estaban algo limitadas.

En 5º e 6º de Educación Primaria percibiuse unha gran mellora no coñecemento da linguaxe musical convencional, na discriminación auditiva e na coordinación rítmica (nos últimos cursos son xa capaces de tocar en conxunto co instrumental Orff seguindo un pulso común, áinda tendo cada un, partes rítmico-melódicas diferentes). Porén, tamén se observou, nalgúns casos concretos, importantes dificultades na coordinación rítmica, na orientación espacial e de lateralidade, polo que será preciso seguir reforzando eses aspectos a través de actividades de movemento, danza e práctica instrumental. O canto tamén foi un aspecto a mellorar. Nestas propostas para traballar a práctica vocal, algún alumnado denotou un gran sentido do ridículo. Por iso é necesario seguir propoñendo dinámicas que favorezan a improvisación, a relaxación e a liberdade expresiva.

En canto a práctica instrumental con instrumentos de percusión Orff (PAI en 1º e 2º; PAI e PAD no resto de cursos de Educación Primaria), a motivación é moi alta. Soen ser actividades que lles gustan. Son moi importantes de cara a mellorar o sentido rítmico e musical dos nenos/as. Na frauta, como se indicou con anterioridade, seguen a ter un nivel moi básico, que sería bo ir mellorando para o curso vindeiro.

Por todo o dito, destácase en liñas xerais a participación e a progresión do alumnado na materia. Áinda así, hai moitos aspectos, xa citados, a seguir reforzando e mellorando.

## Os obxectivos

Os obxectivos, así como os mínimos esixibles, aparecen recollidos nas correspondentes programacións didácticas para cada curso e, en xeral, foron acadados por todo o alumnado. A heteroxeneidade dos grupos que mesturan alumnos/as de 1º e 2º, 3º e 4º; e 5º e 6º, en ocasión, dificulta o desenvolvemento da materia mais, en liñas xerais, neste eido artístico, tende a incrementar o nivel, ao axudarse uns a outros no desenvolvemento das súas aprendizaxes.

## As actividades

As actividades levadas a cabo na materia de *Música e Danza* tiveron un enfoque lúdico e práctico, tratándose contidos dos catro bloques que establece o Decreto 155/2022 (Educación musical: percepción e análise; Educación musical: creación e interpretación; Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análisis; Educación en artes escénicas: creación e interpretación).

Para iso optouse por diversas pezas para a interpretación vocal, instrumental, para traballar actividades rítmicas e de movemento, así como para a audición e a montaxe de coreografías. Para iso, seleccionáronse pezas de diferentes épocas e xéneros musicais (música tradicional galega e doutras culturas).

Tamén se traballou co apoio de xogos interactivos, musicogramas, material de refugallo para a construcción de instrumentos musicais, libros-CDs, libros musicados; así como fichas de creación propia. Prescindiuse de libros de texto mais si se tiveron a disposición como elemento de apoio á hora de elaborar as sesións.

A nivel de visitas e saídas relacionadas coa materia, realizáronse as seguintes:

- **Concerto didáctico "De aquí para alá coas emocións"**, organizado por "Son Futuro", dende o Departamento Didáctico do Consorcio para a Promoción da Música, no Palacio da Ópera, na Coruña. A el asiste o alumnado de Educación Infantil, que, coa axuda de Lydia Botana e a súa banda, viaxan cunha bolboreta por diferentes partes do mundo co fin de axudarlle a recuperar as diferentes cores. Mediante ritmos e melodías de diversas culturas, descubre novos instrumentos musicais e bailes cos que aprenden a cantar en diferentes linguas; ao tempo que recoñecen emocións básicas.

- **Concerto didáctico "A máquina do tempo"**, organizado por "Son Futuro", dende o Departamento Didáctico do Consorcio para a Promoción de la Música, no Palacio da Ópera, na Coruña. A el asiste o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria. Nel recreáse, coa axuda da banda de rock "Los Mecánicos" e de forma teatral, a historia dun neno que recibe un xoguete moi especial do avó, que en realidade é unha máquina do tempo. Esta lévao a viaxar por diferentes épocas a través das canción infantís más sonadas da televisión.

- **Concerto didáctico "A lenda de harmonía"**, organizado por "Son Futuro", dende o Departamento Didáctico do Consorcio para a Promoción de la Música, no Palacio da Ópera, na Coruña. A el asiste o alumnado de segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria. A través dunha historia fantástica na que diferentes familias de instrumentos non se poden mesturar, un pequeno violín chamado Pizzicato dará a volta á situación, converténdose todos nunha gran comunidade. Todo isto vaise coñecendo a través de obras clásicas de gran calidade interpretadas en directo pola Orquestra Sinfónica de Galicia e tamén grazas á narración e interpretación do cómico Víctor Grande.

- **Concerto didáctico "Vaia ritmo!"**, organizado por "Afundación. Obra social Abanca" e levado a cabo por *Odaiko Percussion Group*. A través do factor sorpresa e facendo uso do humor e a interpretación rítmica, o grupo presenta diferentes elementos da percusión que nos levan a melodías cheas de ritmo e a momentos moi lúdicos. Tamén fan uso de efectos luminosos e dunha interpretación rítmica sublime que atrae a atención do alumnado. Un concerto altamente recomendable.

Colaborouse tamén, dende a materia, no **Festival de Nadal**. As actuacións levadas a cabo, foron as seguintes:

8. **"Obra de teatro: Dona Carme"**, interpretada por Educación Infantil.
9. **"Mi burrito Sabanero"**, interpretada con voz e xestos por Educación Infantil.
10. **"Baila, canta, ríe"**, interpretada cunha coreografía por 1º e 2º de Educación Primaria.
11. **"Bailando co Grinch"**, mix de músicas relacionadas co Nadal e coa película do Grinch. Estas pezas son interpretadas polo alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria. Mestúrase coreografía e interpretación, especialmente, por parte do neno que fai do propio Grinch.
12. **"Mix de Nadal"**: mix de músicas de Nadal interpretadas cunha coreografía por 5º e 6º de Educación Primaria. Na actuación mestúranse cancións de Nadal estilo hip hop e unha peza dos Jackson Five: I want you Back.

Para o día da Paz, dende a materia, tamén se colaborou coa creación de "atrapasoños musicais" e a interpretación da [proposta de Batucado](#) a través do tema *Merry Go Round Of Life ( Howl's moving*

casteles) *Grissini Project*. Do mesmo xeito, tamén se buscou música para acompañar os diferentes actos conmemorativos para os que se requirió un acompañamiento musical.

## Metodoloxía

Procurouse crear un ambiente lúdico, dinámico e relaxado, onde se evitara calquera tensión e preocupación á hora de enfrentarse á práctica instrumental e vocal. Para elo tivéronse como referencia, tal como se recolle na programación anual de xeito máis específico, diversos pedagogos como Karl Orff, Jacques Dalcroze, Zoltan Kódaly, Jos Wuytack, Willems, Martenots, entre outros.

Tamén se fixo uso, a maiores do que xa se citou, da Aula Virtual como recurso metodolóxico complementario á propia clase presencial, servindo de reforzo e ampliación do visto, ademais de ser un espazo idóneo para compartir traballos conxuntos e colaborativos.

## Avaliación

No marco da **avaliação continua**, en xeral, avalíaronse os seguintes aspectos:

- Participación e actitude do alumnado.
- Adquisición dos obxectivos. Tívose en conta aspectos conceptuais, procedimentais e actitudinais e sempre se partiu dos mínimos esixibles, en base a estándares e competencias imprescindibles.
- Actividades escritas, probas específicas de movemento e danza, traballo de aula, esforzo e implicación do alumnado, actitude e respecto.

## Dificultades

Unha das dificultades percibidas foi a imposibilidade de desenvolver todas as sesións de Educación Musical en 3º e 4º de Educación Primaria con normalidade, polo anteriormente mencionado. É unha aula moi complexa, con problemas emocionais e de conducta importante, que deben seguir tratándose, para un maior aproveitamento da materia. É importante que para o vindeiro curso se siga a manter unha boa coordinación coa titor/a, co Equipo de Orientación e, de se dar o caso, cos organismos externos implicados na evolución do alumnado.

## Propostas de mellora

Como propostas de mellora, proponse conseguir unha maior implicación da comunidade educativa nas diferentes celebracións do centro, para mellorar a súa calidade. Tamén se propón, para o curso vindeiro, implicar máis ás familias mediante algúns obradoiros musicais conxunto cos nenos, co fin de mellorar a percepción das mesmas de cara a importancia da materia. Así mesmo, dende a materia, sería interesante escoller repertorio para conmemoracións especiais e así, aproveitar áinda máis a nova megafonía, que pode ser un recurso de difusión cultural a nivel musical.

## 13. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

### Antecedentes

Para levar a cabo a labor de orientación hai que ter en conta determinados aspectos previos ao comezo do curso escolar. Os más significativos son:

- A Xefa do Departamento de Orientación, con praza definitiva no centro, compartida co CEIP Milladoiro (Malpica). Acude ao noso centro 2 días á semana ( martes e xoves).
- A mestra especialista de Pedagoxía Terapéutica afín a Audición e Linguaxe con praza provisional, con continuidade no centro, que coñece polo tanto ao alumnado do centro.
- Revisión e consulta dos documentos do centro e do Departamento de Orientación do curso anterior con fin de coñecer o seu funcionamento, horarios, alumnado con necesidade específica de apoio educativo, plans de traballo, previsións de apoios rexistradas pola Xefa do Departamento de Orientación do pasado curso lectivo e reunión coas familias das crianzas posibles de recibir apoios da mestra de PT afín en AL.

### Composición do Departamento

Constitución do Departamento de Orientación con data do 5 de setembro do 2023, sendo os seus integrantes :

- Mestra de Pedagoxía Terapéutica afín con Audición e Linguaxe: María José Eirís Guillín
- Xefa do Departamento de Orientación: Mª Montserrat Martínez Gómez (Titular da plaza)

## Actividades realizadas

- Revisión dos informes psicopedagógicos do alumnado que recibía apoio educativo o curso anterior.
- Elaboración dos documentos necesarios para levar a cabo as funcións do Departamento de Orientación ( Plan anual do PXAD).
- Deseño do horario de atención ao alumnado con NEAE por parte da mestra especialista en Pedagoxía Terapéutica.
- Reunións para coordinar a atención educativa aos nenos con NEAE entre o titor/a, mestra de PT e Xefa do Departamento de Orientación.
- Atención á diversidade especialmente incidindo na prevención e identificación temperá de necesidades específicas de apoio educativo.
- Coordinación das actuacións dos equipos de ciclo co fin de facilitar a colaboración entre os seus membros.
- Elaboración por parte da mestra de apoio dos Programas de intervención e Informes fin de Curso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que asiste a Pedagoxía Terapéutica e a Audición e Linguaxe.
- Desenvolvemento do Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO) por parte da mestra especialista en Pedagoxía Terapéutica (afín Audición e Linguaxe) cos alumnos/as de Educación Infantil.
- Colaboración cos Servizos de apoio externos ao centro: membros de gabinetes psicolóxicos e logopédicos privados, membros do Equipo Psicológico da Unidade Infanto-Xovenil, Neuroloxía, Psicoloxía do Hospital Materno de A Coruña, Servizo de Atención Temperá UDIAF (Carballo) e Servizos Sociais do Concello.
- Asesoramento puntual ás familias sobre diversos temas: Identificación e xestión emocional, habilidades sociais, establecemento de rutinas saudables de alimentación e sono, etc.

- Cumprimentar os datos requeridos na aplicación informática DRDOrienta ( no mes de xuño) e DRDadi ( no mes de outubro).
- Reunións periódicas entre os membros do DO (establecese unha sesión de coordinación o martes a quinta sesión).
- Asesoramento e colaboración na preparación e avaliación de medidas de atención á diversidade.
- Asesorar e colaborar coas familias na presentación das solicitudes de becas NEAE.

Máis concretamente as accións levadas a cabo pola Xefa do Departamento de Orientación:

- Realización de evaluacións psicopedagógicas e elaboración de Informes Psicopedagógicos para o posterior deseño de programas de reforzo educativo e orientacións de traballo tanto para as familias como para o profesorado que atende ó alumnado con NEAE.
- Asesoramento específico a familias de alumnado con NEAE facendo especial fincapé en :
  - Contar coa familia como "axente" activo e coñecedor da evolución do neno ou da nena e as estratexias de intervención que se levan a cabo.
  - Contribuír a desenvolver nela as competencias que sexan necesarias para asegurar o axeitado desenvolvemento e evolución dos nenos e nenas, facilitando ,deste xeito, o seu "empoderamento".
  - Favorecer unha estreita colaboración entre familia-escola.
  - E por último, asesorar sobre Servizos Externos (UDIAF, Asociación Agampli, Agadix, Servizo de Psicoloxía e Logopedia, Servizos Sociais etc) que contribuen a prestar un servizo ás familias.
- Colaboración cos mestres/as – titores/as e profesorado de área na elaboración, deseño e execución das medidas de atención á diversidade como son a Adaptación Curricular.
- Asesoramento e colaboración co profesorado do centro na atención ó alumnado e, especialmente, ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Elaboración e asesoramento na posta en práctica de un Proxecto de educación emocional.
- Actuacións derivadas da toma de decisións da Comisión de Coordinación Pedagólica e do Departamento de Orientación.

- Atención individualizada ao alumnado en casos puntuais para traballar: Habilidades sociais, motivación, estratexias de identificación e xestión emocional , toma de decisións en cambios de etapa, etc)
- Difusión de material escrito ás familias que o requirisen con pautas de actuación específicas e axeitadas ás necesidades dos seus fillos e fillas.
- Divulgación de materiais de apoio que poidan servir de referencia para a atención á diversidade.
- Derivación do alumnado aos servizos de Atención Temperá.
- Derivación do alumnado en situación de risco e vulnerabilidade aos Servizos Sociais do Concello. A coordinación estreita coa Educadora Familiar foi clave á hora de dar respostas ás necesidades específicas de apoio educativo de alumnado que se atopa en situación de vulnerabilidade educativa.
- Xestión de ocio, tempo libre e actividades de reforzo como medidas preventivas e de protección para alumnado en situación de desvantaxe socioeducativa en colaboración cos Servizos Sociais do Concello.
- Elaboración de Plan Individual de actuación para os discentes que presentan dificultades na regulación das súas emocións.
- Elaboración de Informes do alumnado para o servizos de sanidade: neuroloxía e psicoloxía.
- Elaboración de Informes do alumnado para o Servizo de Dependencia.
- Cumprimentación dos datos requeridos na aplicación informática DRDadi ( en outubro) e do DRDOrienta ( en xuño- xullo).
- Elaboración e difusión do Protocolo de solicitude de avaliación psicopedagóxica.
- Organización da visita do alumnado de 6º ao IES.
- Asesoramento en colaboración con equipo docente a alumno e familia con NEAE na toma de decisión sobre o tránsito na etapa a Educación Secundaria , procurando o entorno máis ordinario posible dacordo coas súas motivacións, necesidades e fortalezas,.
- Participación na toma de decisión da avaliación do alumnado, aportando modelos de Rúbricas de Avaliación para valorar as competencias adquiridas e concretando mínimos esixibles.
- Elaboración de informes de Renovación de ACS.

- Aplicación dunha Proba de coñecementos xerais ao alumnado de 6º de educación infantil, que van pasar a 1º curso de Educación Primaria para o vindeiro curso 2024-2025.
- Seguimento do Protocolo de Actuación para a atención ao alumnado que presenta Trastorno Grave de Conduta en colaboración co Equipo de Orientación Específico e Equipo Docente.
- Participación nas seguintes actividades de formación do profesorado durante o presente curso escolar: xornadas de "Formación de coordinación entre os equipos de orientación específicos e os Departamentos de Orientación", "Plan Dixital de Centro".
- Reunións da Xefa do Departamento de Orientación coa comunidade educativa:
  - Encontros co director.
  - Reunións de carácter formal e informal cos mestres de apoio, titores/as e mestres/as de área respecto ao intercambio de información sobre a evolución do alumnado, solicitudes de información, pautas de actuación, resolución de dúbidas, demandas de avaliación psicopedagólica entre outras.
  - Reunións e entrevistas persoais, telefónicas ou vía correo electrónico con profesionais externos ao centro: Psicólogos/as ou Logopetas privados, Educadora familiar do Concello, Representante do CIM, Unidade de Atención Temperá, Cruz Vermella etc
  - Reunións e entrevistas con pais e nais do alumnado do centro con diferentes fins: favorecer unha estreita colaboración entre familia-escola, intercambiar información sobre o estado e evolución do alumnado, resolver dúbidas sobre educación dos seus fillos, proporcionar pautas de actuación no fogar, acompañar e asesorar sobre recursos externos etc.

## *Propostas de mellora*

Tendo en conta os aspectos especificados nos puntos anteriores, pódense enumerar varias propostas de mellora de cara ao próximo curso lectivo 2024/2025 no Departamento de Orientación.

- Dotar dunha mestre/a especialista de Audición e Linguaxe a media xornada xa que as alteracións da fala que presenta o alumnado que recibe apoio por parte deste profesional precisan de continuidade para que sexa efectivo; ademais de ter en conta ó alumnado con NEE, que precisa dunha atención más individualizada, debido ás dificultades que presenta na comunicación e para a interacción social.

- Durante este curso escolar, non todos os alumnos que podían e debían ser obxecto de recibir apoio educativo por parte dun AL, foron atendidos debido a non contar cun especialista no centro que o permitira.
- Continuar cunha estreita colaboración cos Servizos de Atención Temperá procurando que se realice unha primeira reunión a principios de curso, xunto co profesorado de Educación Infantil e primeiro ciclo de primaria, co fin de coñecer ao alumnado que está atendendo a este servizo ou foi dado de alta a finais do período da etapa de infantil, co fin de establecer pautas de traballo en común.
- Realización de reunións iniciais coordinadas pola xefatura de Departamento en colaboración co Equipo Directivo, para dar a coñecer o contexto de centro, e en particular, o alumnado con NEAE do grupo aula, ao profesorado novo, co fin de poñer en práctica medidas preventivas e dar continuidade ao plan de intervención iniciado no presente curso para dar resposta ás necesidades do alumnado.
- Continuidade ao programa de Educación Emocional para todo o centro, que integre as distintas áreas do currículum co fin de axudar a promover o desenvolvemento integral do alumnado, favorecer a autoestima, mellorar a conduta, promover a motivación para aprender e desarrollar habilidades de identificación e xestión emocional.
- Dar continuidade a creación de espazo de calma no centro co fin de que sexa un lugar onde alumnado poida adquirir estratexias de identificación e xestión emocional.

#### PROFESORADO ESPECIALISTA DE APOIO

ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO  
POLA MESTRA ESPECIALISTA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E CON TAREFAS DA  
ESPECIALIDADE DE AUDICIÓN E LINGUAXE.

#### Introdución.

Partimos dos seguintes criterios para asignar os apoios a os/as alumnos/as:

1. Dar preferencia á atención de alumnos/as con necesidades educativas graves e/ou permanentes e con adaptacións curriculares.
2. Dar preferencia aos alumnos/as dos primeiros niveis, que presenten dificultades nas áreas instrumentais básicas.
3. Dar prioridade ás materias instrumentais fronte a outras.

A miña actividade docente como mestra de Pedagoxía Terapéutica / Audición e Linguaxe estruturouse en varios apartados:

- Coordinación ca orientadora do centro na intervención e elaboración dos horarios, intervencións e criterios metodolóxicos dos/as alumnos/as con NEAE.
- Atención directa e individualizada aos alumnos/as con NEAE. na aula ordinaria ou na aula de apoio en casos excepcionais.
- Colaborar na selección, elaboración e adaptación dos recursos didácticos.
- Coordinación cos/cas titores/as, mestres/as especialistas, familias e asociacións externas ó centro as liñas prioritarias levadas a cabo cos/cas alumnos/as.

#### Obxectivos xerais da intervención:

- **Potenciar** o desenvolvemento xeral do alumnado.
- **Optimizar** o proceso de ensinanza -aprendizaxe.
- **Acercar** aos alumnos/as a consecución dos obxectivos de nivel/etapa.
- **Previr** os posibles déficits ou trastornos da aprendizaxe do alumnado.
- **Mellorar** a inclusión do alumnado tanto na aula como no centro.

## Desenvolvemento das actividades

Unha vez coñecido o noso alumnado, os horarios dos/as mestres/as titores/as e dos/das especialistas, elaborouse o meu horario xunto coa orientadora, seguindo os criterios citados anteriormente e asignándolle as sesións semanais a cada un deles e unha sesión para a reunión semanal do Departamento de Orientación.

Priorizouse sobre todo o apoio en aula pero no caso do alumnado que foi atendido na aula de PT, este acudiu en pequeno grupo co fin de ofrecerlle unha atención educativa máis individualizada.

A relación de alumnos/as por curso é o seguinte:

- 1º curso de Educación Primaria:
  - \*alumno con retraso da fala e ten recoñecida unha discapacidade do 10% e segundo informe do Sergas
- 2º curso de Educación Primaria:
  - \*alumno con deficiencia auditiva realizáronlle ciruxía para colocar drenaxes pero non saíu ben e está pendente dunha segunda operación. Presenta dificultades de atención e dislalia /r/
  - \*alumna con dificultades de aprendizaxe e escasa motivación polo estudo.
  - \*alumna con dificultades de aprendizaxe.
- 3º curso de Educación Primaria:
  - \*alumno que ata o remate da etapa de Infantil acudiu ao servizo de UDIAF por dificultades detectadas no seu desenvolvimento. Está en proceso de clarificación e precisión diagnóstica. Presenta unha serie de necesidades educativas referidas á comunicación, interacción, socialización e adquisición de rutinas diarias. O traballo realizado neste curso centrouse, por un lado, en fomentar rutinas referidas a atención, hábitos de traballo, anticipación de tempos e espazos..., e por outro lado, en realizar traballo mais específico referido a contidos curriculares tales como: afianzamento na aprendizaxe da lecto-escritura, desarrollo da expresión oral e escrita, mellora de estratexias de cálculo matemático e secuenciación numérica e secuencias temporais, grafomotricidade, expresión de sentimientos, adquisición de normas e rutinas.

\*alumno con TDAH que presenta, ademais das dificultades propias do seu trastorno, dificultades para seguir e respectar as normas e rutinas de traballo da aula. Presenta moitas dificultades para traballar de forma autónoma. É capaz de escribir en maiúsculas e estase iniciando no paso á minúscula. Actualmente mostra moito interés pola aprendizaxe da

lectoescritura. Mellorou moito ao longo do curso en canto a regulación da súa conduta e tamén na interacción cos seus compañeiros. Actualmente está medicado dende o mes de Abril e aínda que no referente a contidos curriculares presenta desfase, a nivel conductual a evolución é moi positiva.

– 4º curso de Educación Primaria:

\*alumno con trastorno da linguaxe e comunicación, en proceso de valoración de diagnóstico TEA. Presenta moitas dificultades para traballar de forma autónoma. Tende a distraerse con facilidade, traballa concentrado en pequenos períodos de tempo. Mellorou moito nas estratexias de interacción social.

\*alumno que ten realizada unha Adaptación Curricular e ten recoñecida unha discapacidade do 33% e segundo informe do Sergas un retraso madurativo global con dificultades cognitivas. Presenta: baixo nivel de desenvolvemento da comprensión e razonamento, atención dispersa e inseguridade.

– 5º curso de Educación Primaria:

\*alumno que presenta dificultades de aprendizaxe nas áreas de linguas e matemáticas. Ten dificultades no proceso lecto-escritor, presenta ritmo lector lento e dificultades de comprensión, omite ou cambia letras e palabras. Presenta mala organización de ideas na redacción, errores ortográficos e mala grafía. Ten errores na unión ou fragmentación de palabras. Isto repercute na comprensión matemática. Ademais mostra pouca motivación e interese cara as tarefas escolares. Ten dificultades de atención, de organización e fáltanlle rutinas de traballo. Nos momentos en que é capaz de centrar a atención ou está motivado cara a tarefa os errores diminúen considerablemente.

\*alumno con diagnóstico de TEA de alto rendemento. Ten dificultades para manter e regular a atención. Tende a distraerse sobre todo cando non se interesa polos temas dos que se está a falar, e a centrarse noutros asuntos que lle poidan interesar nese momento, aínda que non veñan ao caso nin teñan nada que ver. Precisa de pautas para traballar de forma autónoma. Non é organizado nos seus traballos e presentación plásticas. Ten dificultades na presión e

prensión do lapis (non fai a "pinza"). Presenta dificultades na interacción social. Cústalle modular a súa conduta aos diferentes momentos ou ambientes nos que está.

- 6º curso de Educación Primaria:

\* alumno que presenta dificultades de aprendizaxe nas áreas de lingua e matemáticas. Presenta ritmo lector lento e dificultades de comprensión. Ten dificultades na expresión escrita, presenta mala organización de ideas na redacción e dificultades na correcta conversión fonema-grafema. Ten dificultades de atención, de organización e fáltanlle rutinas de traballo. Cústalle autoadministrararse e traballar de forma autónoma. Ademais mostra pouca motivación e interese cara as tarefas escolares. Cústalle aceptar os errores, regular a impulsividade e a súa conduta aos diferentes momentos ou ambientes nos que está.

\* alumno que presenta dificultades no proceso lecto-escritor, con ritmo lector lento e dificultades de comprensión. Ten dificultades na expresión escrita, presenta mala organización de ideas na redacción, ademais de numerosos errores ortográficos e mala grafía. Ten dificultades para manter e regular a atención. Cústalle autoadministrararse e traballar de forma autónoma. Precisa regular a impulsividade e a súa conduta aos diferentes momentos ou ambientes nos que está.

## Valoración da consecución dos obxectivos e avaliación.

Quero rematar esta memoria cunha pequena reflexión-valoración sobre a miña actividade docente, facendo referencia tanto aos logros como ás dificultades atopadas e aos apoios recibidos polo resto da comunidade educativa.

Así, co resto do profesorado, titores/as e orientadora, teño que salientar a boa colaboración e coordinación existente.

Durante este período a programación (Plan de Apoyo) desenvolveuse con certa normalidade, aínda que as veces temos a sensación de non ver rendibilidade o noso traballo, a pesar de ser conscientes de que os logros e avances cos/cas nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo son a longo prazo, por dedicarlle poucas sesións a cada alumno/a.

Durante este curso levouse a cabo o Programa de Estimulación da Linguaxe (PELO) en Educación Infantil durante dúas sesións semanais (unha con cada grupo) pero resultaron insuficientes para

satisfacer correctamente as necesidades detectadas neste ámbito. Resultaría moito mellor se existise especialista en AL que lle puidese dedicar máis sesións.

## Propostas de mellora para o vindeiro curso.

De cara o vindeiro curso, procurarase seguir na mesma liña de traballo, dedicando o primeiro mes á avaliación e adaptación da resposta educativa ás necesidades dos alumnos/as, para poder ofrecer unha resposta axeita (centrada no potencial de cada neno/a) e normalizada (dentro da aula ordinaria, de xeito preferente) durante todo o curso, sempre que a situación sanitaria o permita. Do mesmo xeito, considero imprescindible, volver a contar coa figura dun mestre especialista de Audición e Linguaxe para poder ofrecer os/as alumnos/as que o precisen unha atención especializada e de calidade.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A organización das actividades complementarias foi assumida polo Claustro para optimizar os recursos de persoal dispoñibles.

### Logro dos obxectivos programados

#### OBXECTIVOS PROGRAMADOS

1. Organizar cada unha das actividades acordadas.
2. Programar actividades para as conmemoracións.
3. Favorecer a participación e cooperación da comunidade educativa

Valoración		
A	B	C
X		
X		
X		

A = Totalmente acadado; B = Acadado parcialmente; C = Non iniciado

## Actividades complementarias realizadas.

- 18/09/23 Concurso escolar online de ciberseguridade , organizado por Amtega (5/6 EP)
- 28/09/23 Obradoiro “[Bolsas viaxeiras](#)”
- 17/10/23 Día das escritoras.
- 24/10/23 Día da biblioteca escolar.
- 31/10/23 Samaín. [Exposición de cabazas](#) . [Obradoiros terroríficos](#).
- 06/11/23 Mes da ciencia en galego nas Bibliotecas Escolares. Experimentos da “Misión Alba”
- 10/11/23 [Magosto](#): celebración con obradoiros con diferentes actividades: xogos tradicionais con castañas, a elaboración de castañas decorativas, cancións tradicionais e, por suposto, a degustación das castañas.
- 13/11/23 Exposición fotográfica “Sen elas non hai fotografía”. Colaboración Asociación Visibles.
- 20/11/23 Día Universal dos dereitos da infancia. Actividades da biblioteca.
- 24/11/23 [DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER](#). Actividades e lecturas desde a biblioteca.
- 27/11/23 Exposición “Emocións en perigo” na sede Afundación (1º-4º EP)
- 28/11/23 Teatro Afundación , “Vaia ritmo” (1/2).
- 01/12/23 Exposición na biblioteca “Baixo o mesmo paraugas”
- 04/12/23 Exposición “Emocións en perigo” na sede Afundación (E1)
- 12/12/22 Día dereitos humanos .
- 14/12/23 Día da discapacidade: Obradoiros diversidade e inclusión realizados pola Afundación “Todas e todos contamos”. Acceso o contido da biblioteca.
- 18-19/12/23 [Obradoiro centros florais de Nadal](#).
- 18/12/23 [Torneo de xadrez](#) no recreo.
- 19/12/23 Exposición “Emocións en perigo” na sede Afundación (5º/6º EP)
- 21/12/22 Actividades nadal: [Festival de Nadal](#) , [concurso Postais](#), visita paxe real, video felicitación.
- 30/01/24 [Día da paz](#): Carreira pola Paz e actividades da biblioteca.
- 07/02/24 Teatro Afundación “Help (Trouble in the jungle)” (5/6)

- 09/02/24 Entroido : concurso máscaras con materiais reciclados sobre o tema das emocións e pasarrúas.
- 23/02/24 Concerto : "La máquina del tiempo" (1º/2º EP)
- 23/02/24 Día de Rosalía conmemoramos o día da escritora máis importante da nosa terra, Rosalía de Castro.
- 04/03/24 Semana da prensa.
- 08/03/24 Día da muller: Contacontos da asociación Visibles "A Comunidade Vagalume"
- 13/03/23 Concerto "La leyenda de Armonía" (3º-6º EP)
- 15/03/24: Teatro Afundación "Hugo" (3/4EP)
- 22/03/24 Charla "Mel de Galicia" (EP)
- 09/04/24 Visita a SOGAMA (4º/5º/6º EP)
- 11/04/24 Charla " Navega con Rumbo" (5º/6º EP)
- 18/04/24 Obradoiro " Cambiando o conto" (5º/6º). Asociación Visibles.
- 19/04/24 Teatro Afundación "Pingüín" (EI)
- 22/04/24 Concerto " De aquí para alá coas emocións" (EI)
- 22/04/24 III edición Mercado benéfico a favor da protectora " O legado de Max!"
- 23/04/24 Día do libro. Apadriñamento lector.
- 24/04/23 Surf na escola.
- 29/04/24 Día da bicicleta.
- 02/05/2024 Actividades contra o acoso escolar.
- 6/05/23 Teatro Letras Galegas " Lingoreteira" no centro cívico de Malpica.
- 07/05/2024 Taller de cociña: Elaboración de pasta fresca.
- 14/05/24 Visita e firmas da escritora Olga Rodríguez autora de " As crebas da memoria". Visita da escritora Antía Yañez.
- 15/05/24 Día da familia.
- 17/05/24 Día das Letras Galegas. Actividades , videos e xogos de robótica nas Letras Galegas.
- 21/05/24 Taller de origami na biblioteca.
- 22-23-24/05/24 "Aprende a través del Surf", actividade na praia.
- 31/05/24 Obradoiro e voo de papaventos.
- 01/06/24 Obradoiro de cómic na biblioteca.
- 04/06/24 Obradoiro "Coida a túa pel do sol pero respectando o mar" , para o alumnado de 5º/6º EP.

- 05/06/24 Día do medio ambiente, "Os vermes de seda",
- 11/06/24 Teatro "Salvando o planeta". Obra realizada polo alumnado de 5º/6º EP.
- 19/06/24 Ginkana alimentaria no C.C. Carrefour Coristanco.(3º/4º/5º EP)
- 20/06/24 Día convivencia entre centros educativos do concello.
- 21/06/24 Saída á Praia de Balarés.

## Actividades extraescolares realizadas.

Entre os meses de outubro e maio , baixo a organización do concello de Malpica de Bergantiños e a ANPA Xaviña , realizáronse as seguintes actividades:

- Arte para nenos. Todos os luns entre as 16:00 e as 18:00 na aula de usos múltiples do edificio anexo.
- Robótica infantil. Os mércores de xaneiro a maio , na aulanet do centro.
- Patinaxe. Todos os venres pola tarde no pavillón do centro.

Os martes e xoves pola tarde cedeuse o uso do pavillón do centro para a actividade de fútbol organizada polo UD Cerqueda.

As actividades propostas para o resto de días da semana foron canceladas por non acadarse o mínimo de matrículas para a súa organización.

## 15. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Funcións assumidas polo Claustro do centro. Os obxectivos que nos marcamos intentan contribuír á difusión da cultura galega entre os membros da nosa Comunidade Educativa, especialmente entre os más novos, que son os que aseguran o futuro da nosa cultura. Polo tanto, buscamos promover actitudes favorables cara ao idioma propio e a cultura como un dos sinais da nosa identidade que debemos valorar e defender. Esto reflectiuse nas actividades realizadas no curso.

## 16. EQUIPO DE BIBLIOTECA

### Composición do equipo

O equipo de biblioteca neste curso académico 2023/2024 conformárono os seguintes membros do claustro de mestres/as: Sheila Margarita Puñal Gerpe (responsable da dinamización), Jessica Vázquez Cotelo , Fernando Quintela Cuíña, Ana Alvarellos Figueroa, Eva Belén Castro Cruz, Alicia Anta Rodríguez, Raquel Cousillas García e María José Eirís Guillín. Todos os citados participaron nas actividades da biblioteca no referido a organización, coordinación e posta en práctica, especialmente, a través do Proxecto Documental Integrado (PDI).

Destacamos a importancia de que participe todo o claustro, xa que a biblioteca funciona como eixe dinamizador de praticamente todas as actividades que se realizan no centro, incluíndo conmemoracións e proxectos de centro.

### Desenvolvemento xeral

#### Formación.

Con respecto a este punto, gran parte do traballo centrouse na confección do Proxecto Documental Integrado, na creación de novas actividades para este curso, actualización e catalogación de fondos, expurgo; así como tarefas de organización e xestión da biblioteca.

A coordinadora de biblioteca asistiu, dentro da formación continua, ás Xornadas de Bibliotecas Escolares de Galicia do curso 2023-2024.

### Uso e funcionamento da biblioteca

Estableceuse dentro da Biblioteca un horario que incluía:

Para o mestre responsable do Equipo:

- Cinco horas/semanais (1 sesión por día) para programar, organizar e coordinar as actividades; realizar as tarefas de organización e catalogación; así como a función de asesoramento a mestres e alumnado.

Para os mestres compoñentes do equipo:

- Unha ou dúas sesións semanais dentro do seu horario lectivo (en función da dispoñibilidade horaria de cada un).

Para o conxunto do alumnado:

- Permaneceu aberta durante os recreos de luns a venres, atendida por membros do Equipo de Biblioteca.
- Cada clase ten unha hora sinalada no seu horario para uso da biblioteca escolar, xa que esta permanece aberta durante a xornada escolar.

Para as instalacións:

- A biblioteca estivo aberta durante toda a xornada escolar.
- No comezo do curso, cada grupo - clase escolleu unha hora semanal dentro do horario lectivo para traballo na Biblioteca, onde se realizaron os préstamos, explicación e realización de actividades...
- Cada mestre/a tivo a biblioteca aberta para o seu uso didáctico durante a xornada escolar, podendo reservar a instalación previamente.

## Accións levadas a cabo polo equipo de biblioteca

O noso traballo centrouse en continuar co labor começado en cursos anteriores. O noso obxectivo principal era que todo o material do centro estivese centralizado e xestionado pola Biblioteca Escolar (BE). Para iso, neste curso xa catalogamos os fondos da biblioteca que faltaban no programa MEIGA, así como os que estaban nas bibliotecas de aula tendo en conta a CDU adaptada para o noso colextio. Fixemos o mesmo coas novas adquisicións.

Tamén rematamos co expurgo começado en cursos anteriores e reorganizamos os andeis para que todos os fondos estivesen perfectamente organizados atendendo ao protocolo Meiga/posterior Koha, á propia CDU, ás idades dos lectores e, incluso no caso dos libros de ficción, á temática. Realizáronse dous catálogos por parte da coordinadora para a sección de consulta e a sección de infantil, co fin de ser un recurso útil para o profesorado á hora de programar as súas sesións. Estes últimos rematáronse a final do terceiro trimestre, polo que serán implementados para o vindeiro curso 2024/25, agardando que sexan un recurso útil e actualizado.

Tamén se creou un recuncho informal para Educación Infantil con mobles á súa altura, etiquetado simplificado (cores, temas de interese) e bolsas viaxeiras personalizadas. Así mesmo,

reorganizáronse os mobles e as zonas, co fin de facilitar as actividades que se desenvolven na biblioteca. As coleccións de ficción centralizáronse nuns andeis anexos á biblioteca, liberando espazo e facilitando a súa escolla entre o alumnado. Tamén se visibilizaron os andeis de novedades reubicándoos na entrada.

Os **contidos** traballados foron os seguintes:

7. Funcións da biblioteca escolar.
8. Normas e formación de usuarios da biblioteca escolar.
9. Sistema de empréstito de fondos bibliográficos.
10. Elección de novo material bibliográfico.
11. Fomento da lectura entre o alumnado a través de diversas actividades en galego, castelán e inglés, fomentando así o plurilingüismo.
12. Traballo cooperativo entre niveis.
13. Busca de información a través da rede.
14. Utilización do blog e a páxina web do centro para publicar as actividades.
15. Creación dun Proxecto documental integrado relacionado coa temática deste curso ("Os bibliotrisquis viaxan con Marco Polo").

## Obxectivos enmarcados para o curso 2023/24

A *Biblioteca Escolar (BE)* debe mellorar en calidade cada ano co fin de ofrecer a mellor ponte entre o alumnado e as novas aprendizaxes que ofrece a lectura. Para que iso sexa posible é importante planificar dende o primeiro momento as liñas prioritarias a seguir, é dicir, aqueles obxectivos que queremos conseguir no curso académico.

Partindo da avaliación do ano pasado, das liñas propostas polo antigo coordinador e analizando as necesidades actuais propuxéronse os seguintes obxectivos para este curso 2023/24:

Organización:

- Crear un recuncho informal de animación á lectura específico para Educación Infantil que, ademais, sexa accesible para ao alumnado (mobles adaptados á súa altura e catalogación dos libros por interese e códigos de cores sinxelos).
- Reorganización dos libros de lectura dos diferentes ciclos de Educación Primaria adaptándooos por temáticas e mellorando a súa exposición para promover unha maior animación á lectura.
- Revisión e organización correcta dos fondos de consulta nos andeis pertinentes seguindo o protocolo establecido pola CDU, adaptándonos ao programa Meiga e á posterior inmersión en Koha.
- Reorganización dos espazos da biblioteca co fin de crear recunchos que favorezan as diferentes actividades que se realizan nela.
- Impulsar o recuncho de xogos didácticos e o xogo como unha ferramenta para mellorar habilidades cognitivas, sociais e emocionais.
- Rematar co expurgo comezado no curso pasado daqueles exemplares deteriorados.
- Adquirir novos exemplares adaptándonos ás necesidades dos titores e especialistas; e tamén ás inquedanzas literarias do alumnado.
- Catalogar e organizar de xeito correcto os fondos adquiridos.

Convivencia:

- Transmitir normas de uso e coidado dos libros ao alumnado partindo do lema "os libros son un tesouro".
- Transmitir normas de uso e coidado da biblioteca promovéndoa como un espazo de uso e o desfrute de todos/as.
- Crear un equipo de biblioaxudantes voluntarios (5º e 6º de Educación Primaria) que realicen, tras unha pequena formación, tarefas propias dun bibliotecario/a; fomentando a responsabilidade e o aprecio polos libros.

Uso didáctico

- Crear un catálogo visual para a zona de Educación Infantil (azul) e para a de consultas (violeta), que facilite a busca de exemplares ao profesorado para a súa labor didáctica na aula.
- Formar no uso do programa Meiga (posterior Koha) e da plataforma ELBE 2.0 ao profesorado mediante a realización de pequenos titoriais.

#### Animación á lectura

- Promover espazos e organizar actividades, dentro do horario escolar, para a animación á lectura (visita de escritores e/ou ilustradores, realización de obras teatrais, obradoiros específicos, apadriñamento lector...).
- Continuar co programa “Mochilas viaxeiras” mellorando aspectos referenciados na avaliación do curso pasado (alixeirar peso e mellorar a selección de recursos para o desfrute en familia).
- Crear co alumnado de Educación Infantil as súas propias bolsas viaxeiras para o préstamos semanal.
- Continuar co préstamo semanal en Educación Primaria, atendendo ás súas inquedanzas literarias (buzón de suxerencias).
- Presentar as mascotas da biblioteca (os bibliotrisquis), sendo un recurso de motivación para a animación á lectura e a realización do PDI.
- Promover o Plan Anual de Lectura (PAL), así como o itinerario lector.

#### Biblioteca solidaria

- Organizar algúun acto benéfico que xurda dende a biblioteca para fomentar a solidariedade entre a comunidade educativa.

#### Lectura e familia

- Aumentar a implicación das familias en relación á biblioteca escolar mellorando a comunicación (*Abalarmóbil, blog*) e propoñendo propostas.
- Recoller a súa valoración e as súas propostas en canto ao programa de animación á lectura que se fai na biblioteca.

- Informar e pedir colaboración para a realización do Proxecto Documental Integrado (PDI) do centro.

#### Proxecto documental Integrado (PDI)

- Organizar e dirixir o Proxecto Documental Integrado (PDI) ao longo de todo o curso, atendendo as dúbidas e as propostas do profesorado; así como as curiosidades e necesidades que poden ir xurdindo por parte do alumnado.
- Facilitar recursos e material suficiente para as propostas que se levan a cabo en relación á PDI.

#### Difusión e comunicación

- Documentación das actividades desenvolvidas a través do blog da biblioteca.
- Uso da aplicación *Abalarmóbil* para avisos grupais a familias co fin de implicalas en actividades da biblioteca.
- Compartir experiencias e actividades da bibliotecas co resto de centros educativos, mediando o equipo de Bibliotecas Escolares de Galicia.

## Grao de consecución dos obxectivos

Partindo das actuacións propostas na Programación Xeral, barémase a consecución das mesmas.

#### Obxectivos referidos á organización

Grao de cumprimento	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Organización										

Este obxectivo alcanza unha valoración moi alta (9), pois acadáronse de forma moi positiva moitos obxectivos anteriormente citados. O recuncho de infantil xa é un lugar accesible para os máis pequenos (mobiliario á altura, alfombra para actividades no chan e clasificación dos libros nun código de cores comprensible para eles). A orde e clasificación dos exemplares de lectura de Educación Primaria por temáticas, o remate de expurgo e a creación dun recuncho exterior

(conecta co hall) exclusivo para as coleccións, facilitou a elección de exemplares por parte do alumnado, o cal ofreceu moi boas críticas, xa que a exposición dos libro era moito más atractiva. Catalogáronse todos os novos exemplares adquiridos seguindo a CDU e o programa Meiga (facilitando a incorporación ao Koha). Tamén se corrixiron errores de catalogación e clasificación doutros anos e revisáronse todos os andeis para asegurar a boa colocación dos exemplares. Ao mesmo tempo, tívose en conta as peticións do profesorado e do alumnado para a adquisición de fondos.

A creación de recunchos (xogos didácticos, teatro, TIC) non se acadou por completo, polo que será un punto a continuar no vindeiro curso escolar.

### **Obxectivos referidos á convivencia**

<i>Grao de cumprimento</i>	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
<i>Convivencia</i>										

O alumnado acolleu moi ben o lema “os libros son un tesouro” e coidou os libros emprestados e de uso en sala, rematando o curso escolar cun só libro parcialmente danado. Tamén se seguiron bastante ben, en xeral, as normas de convivencia no uso da biblioteca.

Porén, si se percibiron carencias no uso e coidado dos libros nas bibliotecas de aula. Sería interesante para o ano traballar con eles iso tamén no ámbito da titoría.

### **Obxectivos referidos ao uso didáctico**

<i>Grao de cumprimento</i>	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
<i>Uso didáctico</i>										

O obxectivo de crear un catálogo cos exemplares de infantil por seccións (libros de emocións, de inclusión, de animais, de aprender a...) e outro cos libros de consulta (saúde, zooloxía, turismo, bibliografías...) foi moi ambicioso. Tras o expurgo e reordenar os andeis, procedeuase a fotografiar cada exemplar para clasificalo no catálogo. Iso levo case os tres trimestres, polo que rematamos o curso con eles feitos pero sen implementalos. Agardamos que para o ano as titorías desfruten deles e lles sexa de utilidade. Este ano só conseguimos, pois, parcialmente esta meta.

Tamén poñemos como nota negativa a formación do profesorado xa que, aínda que contamos con

titoriais específicos, non se realizou unha reunión explicitamente para explicar como funciona e se organiza a biblioteca, o programa ELBE e o programa Meiga.

### Obxectivos referidos á animación á lectura

<i>Grao de cumprimento</i>	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
<i>Animación á lectura</i>										

Neste apartado acadamos un bo grao de cumprimento, xa que notamos un incremento no gusto pola lectura. As mochilas viaxeiras tiveron unha mellor valoración, especialmente polas familias, que coincidían en que eran más lixeiras e que o feito de incluír cos libros e revistas un xogo para desfrutar en familia fora un bo recurso para compartir ese momento literario de forma lúdica cos seus fillos. As bolsas viaxeiras, creadas por Educación Infantil, tamén foron unha motivación para os más pequenos. Si que, nalgúns casos moi concretos, o empréstamo non era continuado (esquecíanse da bolsa), polo que sería recomendable recordar coas familias o programa de empréstamo (día e realización).

A introdución dos [bibliotrisquis](#) como seres moi silenciosos e amantes dos libros que viñan vivir á nosa biblioteca resultou moi motivadora, especialmente cando quedaron atrapados nun libro da biblioteca (proxecto) e lles pedían axuda por carta. Iso fixo que algúns nenos/as amosaron moito interese por coller libros sobre a temática do proxecto.

Tamén, como punto positivo, destacamos a lectura convxunta que se fixo na aula dos maiores do libro "Plan de Rescate", de Antía Yáñez. O feito de despois ter contacto coa escritora e que esta lles dedicara os libros causou gran emoción. É por iso que sería interesante para o ano próximo crear un club de lectura para o alumnado.

Actividades como o "apadriñamento lector" tamén tiveron un impacto bo na convivencia. Os más maiores puideron compartir cos más pequenos momentos de lectura ao aire libre.

En canto ao itinerario lector proposto no PAL, este seguiuse parcialmente. Foi bastante ambicioso para a aula de 1º e 2º, onde se deu a casuística de coincidir bastantes dificultades en lectoescritura ao longo de todo o curso. No resto de ciclos foi ben acollido. Gustaron especialmente os exemplares "Un monstruo que no vuelta" de Sara Pinet, que cun toque moi cómico trata temas como a homosexualidade ou os conflitos familiares; e "Plan de rescate", que a través dun secuestro a un colexiño do máis pintoresco, trata temas como a inclusión, a amizade, o acoso escolar ou as propias emocións.

### Obxectivos referidos á biblioteca solidaria

Grao de cumprimento	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Animación á lectura										

A biblioteca escolar acadou o obxectivo de crear un acto solidario. Celebramos a III edición do mercado benéfico a favor dunha protectora (*O legado de Max*). O alumnado podía levar dous ou tres libros dos expurgados (démosselle unha segunda vida) a cambio dunha bolsa con doazóns.

A pesar de ser un colexio pequeno fíxose unha gran recadación. A implicación das familias foi alta, amosando gran solidariedade, polo que se espera unha IV edición o vindeiro ano.

### Obxectivos referidos a lectura e familia

Grao de cumprimento	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Lectura e familia										

O grao de cumprimento deste obxectivo é mellorable. Conseguimos moitas familias implicadas que colaboraron aportando libros e recursos para o proxecto ou en actividades como a celebrada para o "Día da familia". Aínda así, gran parte das familias segue sen amosar moita participación.

### Obxectivos referidos ao Proxecto Documental Integrado

Grao de cumprimento	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
PDI										

O proxecto deste ano que detallamos no seguinte punto tivo moi boa acollida. A narrativa que envolvía o comezo do mesmo (os bibliotrisquis quedaran atrapados no "Libro das Marabillas", que contaba as aventuras de Marco Polo) foi un bo punto de partida para enganchar ao alumnado. Foi un proxecto amplio no que se traballaron aspectos da ruta da seda (fabricación da seda, metamorfose dos vermes de seda, especias, pedras preciosas, xeografía, o troco), así como aspectos de cada cultura e país (flora e fauna, costumes e tradicións, gastronomía, medios de transporte, idiomas, vivendas, inventos...). Todo permitiu ir vinculando a temática coas diferentes materias ou áreas do currículo.

Un aspecto a mellorar sería o seguimento da temporalización proposta, xa que ir retrasando as

datas levou a que se acumulara moito traballo ao final dos trimestres. Aínda así, o profesorado estivo realmente implicado e creáronse múltiples experiencias de aprendizaxe.

### Obxectivos referidos á difusión e comunicación

Grao de cumprimento	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Difusión e comunicación										

É importante seguir impulsando a comunicación coas familias e promover máis o blog, animándoas a seguiilo para estar ao tanto das actividades que se desenvolven.

Así mesmo, os avisos por *Abalarmóbil* funcionaron moi ben, polo que sería bo complementalos co blog para actividades concretas.

Tamén sería unha boa opción compartir actividades e experiencias con outros centros educativos, co fin de colaborar nese enriquecemento colectivo (correos reenviados polo equipo de Bibliotecas Escolares). Así mesmo, outra boa idea sería intercambiar impresións coa biblioteca do CEIP Milladoiro, pois ambas compartimos concello e zona de influencia.

## Valoración do funcionamento global do equipo

A valoración xeral do desenvolvemento do Equipo de Biblioteca durante este curso 2023/24 é positiva. A maioría dos obxectivos foron acadados e cumplimos o noso obxectivo principal, que é que a biblioteca sexa un espazo funcional, conseguindo dinamizala coma fonte de recursos indispensables para a vida escolar da nosa comunidade educativa.

## Conclusíons e propostas de mellora

As conclusíons e propostas de mellora están vinculadas coa memoria do PLAMBE do curso 2023/24, onde se recolle a avaliación de profesorado, familias e alumnado; a cal debe ser un medio para a reflexión, o análise e a mellora do funcionamento e da calidade da biblioteca para o vindeiro curso.

Aínda que neste curso escolar os docentes do equipo de biblioteca estiveron moi implicados co PDI e coas actividades realizadas; é importante seguir traballando na delegación do traballo de

xeito equitativo e seguir na liña de animar e involucrar ás familias nas actividades que se realizan. Tamén será interesante seguir procurando unha reforma do espazo da biblioteca (pintar, tirar tabique central, reparar gretas...) para convertela nun espazo aínda máis acolledor, onde se poidan seguir realizando más recunchos como o de teatro de títeres ou de xogos de mesa.

Por último, en relación ás propostas de mellora, propónense as seguintes liñas prioritarias para ao vindeiro curso 2024/25.

- Continuar con aqueles obxectivos que non acadaron a puntuación máxima (véxase grao de consecución dos obxectivos e obxectivos do curso pasado na memoria PLAMBE 2023/2024).
- Crear un club de lectura para nenos e nenas e outro para familias co fin de aumentar a implicación familia- escola e o gusto pola lectura.
- Crear un librómetro por aula que motive ao alumnado a compartir os seus gustos literarios e, por tanto, o gusto por ler.
- Promover o coidado e a orde dos libros das bibliotecas de aula animando ás titorías a crear uns responsables semanais de orde e limpeza de biblioteca.
- Compartir experiencias e actividades con outros centros educativos mediando o equipo de Bibliotecas Escolares de Galicia e propoñer e desenvolver un PDI que parta das necesidades de centro e daqueles saberes básicos e competencias que o alumnado precisa traballar máis.

## 17. Plan Dixital de centro

### Composición do equipo

Responsable Plan Dixital / Dinamizador TIC : Fernando Quintela Cuiña

O equipo TIC completouse cos docentes participantes nas distintas actividades.

## Desenvolvemento xeral

O dinamizador desenvolveu aquelas actividades previstas no Plan Dixital de centro e recollidos PA. O longo do curso foise facendo un seguimento trimestral da consecución dos obxectivos propostos. Segundo as indicacións da asesora ADIX , empregouse a aplicación EduCalidade para a realización do seguimento dos obxectivos :

- O01PD – Promover o uso da Aula Virtual corporativa.
- O02PD – Implementar un proxecto dixital interdisciplinar por trimestre.
- O03PD – Capacitar aos membros da comunidade educativa no uso dos recursos dixitais presentes no centro.
- O04PD – Utilizar os recursos TIC do centro.

Pode accederse á memoria e avaliación do Plan Dixital na aplicación [Educalidade](#).

Por mor da organización dos espazos e dispoñibilidade docente, durante este curso o acceso do alumnado aos equipos informáticos nos recreos realizouse no espacio habilitado na biblioteca escolar.

No presente curso , prestouse unha especial atención á creación das aulas virtuais das distintas clases , asesorando aos docentes no deseño do espazo virtual e a realización de contidos e actividades. Tramitouse a alta de todo o alumnado e profesorado na aula virtual así como a realización dos agrupamentos, para garantir o acceso e utilización se así fose preciso.

Realizáronse sesións de presentación das aulas virtuais ás familias para facilitar o uso de estes recursos dixitais .

Realizase o mantemento e actualización de contidos presentes nas páxinas web escolares: web de centro e blogue da biblioteca .

Destaca especialmente a colaboración co equipo da biblioteca, a través do "Blogue os bibliotrisquis", actividades de fomento da lectura nos que se traballou a busca de información e a realización de actividades web relacionadas cos obxectivos traballados dentro do PLAMBE de centro.

Este curso continuouse co uso das tablets Snappet por parte do alumnado de 1º/2º, 3º/4º e 5º/6º de primaria. Desde o equipo TIC deuse apoio na instalación e configuración da conexión wifi.

Preparáronse tamén para o uso do alumnado os novos computadores portátiles dotados pola Consellería de Educación, así como os equipamentos de robótica dispoñibles.

Participouse co alumnado de 5º e 6º de primaria no concurso de Ciberseguridade convocado por Amtega e na charla " Navegando con rumbo".

Continouse co uso do espazo abalar para realizar as comunicacións do centro coas familias. Realizouse a actualización dos datos de pais e nais para facilitar o seu uso así como asesorouse a familias e docentes sobre o seu manexo. A maiores deuse contestación a todas as dúbidas recibidas sobre o uso e acceso a estes recursos.

Un curso mais renovouse o contrato de asesoramento e mantemento dos equipos informáticos do centro pola empresa CCNInformática. Continouse coa reparación e nova instalación de sistemas operativos linux nos equipos mais antigos do centro para mellorar o seu rendemento.

O dinamizador TIC / Responsable Plan Dixital non contou con tempo asignado no seu horario docente semanal para levar a cabo todas estas tarefas.

## Logro dos obxectivos programados:

### OBXECTIVOS PROGRAMADOS

### Valoración

	A	B	C
Espertar o interese e a curiosidade entre toda a comunidade educativa polo uso educativo das Novas Tecnoloxías Informáticas.	X		
Aprender a aprender a través dos diversos medios de comunicación audiovisual.	X		
Introducir os computadores como unha ferramenta de uso habitual dentro da aula.	X		
Familiarizar ao alumnado co uso responsable da rede empregando aplicacións didácticas para o seu enriquecemento persoal e académico.	X		
Facilitar a aprendizaxe aos alumnos a través das novas tecnoloxías.	X		
Adquirir destrezas na procura e tratamiento da información con sentido crítico.	X		
Creación da aula virtual para cada grupo.	X		
Crear materiais curriculares multimedia para a súa publicación na páxina web do centro e blogue da biblioteca e dinamización, que reforcen as aprendizaxes	X		

de aula, amosen os traballos realizados e melloren a comunicación entre o profesorado e as familias.

Mellorar o traballo de docencia e titorial a través do uso das novas tecnoloxías, experimentando novos modelos de aprendizaxe alternativos á instrucción directa tradicional, e realizando as distintas tarefas administrativas correspondentes ao labor docente a través das novas aplicacións XADE e Abalar.

Cumprimento do Plan Dixital de Centro.

X		
X		

A = Totalmente acadado; B = Acadado parcialmente; C = Non iniciado

## Conclusións e propostas de mellora

A valoración o remate do curso é positiva acadándose a maioría dos obxectivos propostos no Plan Dixital para o curso 2023/24. Destacar a participación do profesorado na planificación das actividades e a participación animosa do alumnado nas actividades propostas. Logrouse completar nos tempos programados a publicación na web de centro, Aula Virtual e web da biblioteca dos contidos elaborados. Queda pendente a elaboración de actividades H5P polo profesorado para a Aula Virtual do centro.

De cara ao seguinte curso, continuase aconsellando a colaboración dos docentes, para a realización de actividades que impliquen aos alumnos no proceso de trabalho coas novas tecnoloxías para facilitar o uso e coñecemento do alumnado das posibilidades destes recursos.

Débese incrementar o uso das TIC con maior presenza nas aulas e planificar un maior aproveitamento dos medios cos que conta o centro, facendo un maior uso do acceso a internet no traballo de aula, e mellorando a participación e uso por parte de toda a comunidade educativa das plataformas web do centro. O alumnado e as familias deben ser capaces de manexarse autonomamente e con fluidez nos espazos web do centro así como empregar as ferramentas básicas precisas para a realización das actividades educativas propostas. É vital que esa formación inicial o alumnado sexa proporcionada desde as aulas.

## 18. Planos e proxectos levados a cabo

### PLAMBE: "Os Bibliotriskis viaxan con Marco Polo".

Durante este curso, levouse a cabo este proxecto tanto en educación infantil coma en primaria, cuns resultados positivos. No décimo terceiro ano de posta en marcha dos proxectos do PLAMBE este ano achegámonos a coñecer a importancia que as viaxes de Marco Polo tiveron para a sociedade europea. A memoria do proxecto está anexada (ver anexo biblioteca).

### Contratos- programa inclúe

No presente curso , e tras acordo favorable do Claustro e o Consello Escolar , a dirección do centro co asesoramento do Departamento de Orientación, presentou no mes de setembro a solicitude para participar na convocatoria 2023/24 dos contrato- programa Inclúe.

A solicitude recollía a intención de participar en oito actuacións :

- IGUÁLA-T
- CONVIVE-T
- INCLÚE-T
- EMOCIONA-T

Estas solicitudes foron admitidas e realizáronse ao longo do curso acadando unha avaliación positiva. Destaca a implicación do alumnado na realización das actividades propostas. É de salientar a importancia que as actividades realizadas tiveron na visión que o alumnado tiña sobre as desigualdades e como esa visión variou tras a realización das actividades. Por último , salientar a participación e implicación das familias nas actividades propostas e agradecer a colaboración das asociacións colaboradoras ( Visibles,One Surf Academy ,CD Cerqueda, Vieiros ). Poden revisarse as actividades realizadas na memoria anexa.

### Proxecto de educación emocional

Este proxecto realizado baixo a coordinación da coordinadora de benestar do centro , contou coa participación de todo o claustro e tivo como obxectivo traballar a educación emocional dunha

forma global nas diferentes especialidades e áreas cunha temporalización quincenal o longo do curso. A proposta de actividades, continuidade da proxecto realizado no curso anterior, veuse completada coa realización de obradoiros para os grupos de primaria realizados pola asociación Vieiro.

## Proxecto de formación en centro: PFPP C2331088

No presente curso , o profesorado do centro participou no PFPP C2331088 para o curso 2023/2024 , recollida no itinerario das iniciativas formativas ámbito STEM (ciencia-tecnoloxía-enxeñaría-matemáticas) con dúas actividades relacionadas :

- C2301102 - PFPP C2331088 Espazo Educar Buño.
- C2306137 - PFPP C2331088 Iniciación á metodoloxía Maker nos polos creativos,,

O equipo de formación estivo formado por Dna. Ana Alvarellos Figueroa (coordinadora) e D. Fernando Quintela Cuiña co asesoramento desde o CEFORE de Jorge Cebey.

A temporalización das actividades foi do 20/11/2023 ate o 31/05/2024, participando os 8 mestres do claustro de xeito presencial en sesións realizadas maioritariamente os luns en horario de 16:00 a 19:00 horas.

O obxectivo do PFPP é coñecer as características do equipamento dos Polos Creativos e buscar un espazo no centro no que situalo así como coñecer metodoloxías e didácticas a aplicar nestes Polos.

A medida que fomos recibindo esta formación, foron moitos os materiais e actuacións que se implementaron nas aulas do noso centro.

Entre os materiais cabe destacar o uso de diversas aplicacións informáticas (scratch, makecode,...), robots, kits singulares, etc.

As actuacións implementadas foron:

- Maior uso e coñecemento da nosa aula virtual.
- Creación de actividades H5P na Aula Virtual.
- Aumento da asistencia á aula TIC e implementación de actividades maker coincidentes con efemérides ou coas clases de robótica dos diversos grupos.

- Creación de manualidades en 3D, tanto en cartón como en papel.
- Uso de novas apps informáticas de programación durante o desenvolvemento de diversas materias.

Este proxecto permitiuños aos docentes deste centro levar a aula moitas actividades e aprender a adaptalas en función da idade do alumnado.

Grazas á formación, podemos realizar na aula, actividades novas cos Mbot, montaxes en cartón e papel, Scratch, uso de outros robots, emprego de kits singulares adaptados a cada idade, etc.

Estas actividades trasladadas a aula tiveron un impacto moi positivo no noso alumnado. Os nenos e nenas recibiron moita información e afianzaron contidos dun xeito máis óptimo grazas a estas actividades na aula ou no centro. Fixeron unha valoración moi positiva deste proxecto.

Prevese a continuidade deste proxecto, posto que o grao de satisfacción de toda a comunidade educativa é moi alto. O profesorado gozou da formación e puido aplicar moitos dos coñecementos acadados, o alumnado desfrutou das actividades levadas a cabo e fixo unha valoración moi positiva e as familias e o persoal de atención e servizos implicáronse en moitas destas actividades programadas.

Dende o centro consideramos que a formación sería más proveitosa se contássemos xa cos recursos materiais de Polos Creativos para poder practicar inmediatamente despois da formación.

## Proxecto de utilización de tablets Snappet en educación primaria.

No presente curso a dirección do centro , seguindo a proposta aprobada polo Claustro e tendo en conta a consulta realizada ás familias do alumnado no curso anterior, procedeu a contratar o servizo de uso de tablets e acceso á plataforma Snappet con licencia Basic para o alumnado de primaria. O custo de este servizo foi aboadado polo centro educativo con partida asignada os gastos de funcionamento (80 € por alumno).

Actuou como coordinadora do proxecto Dna. Sheila Margarita Puñal Gerpe, recibindo o resto de docentes de primaria formación telemática por parte da empresa sobre o manexo das tablets e da plataforma educativa.

Durante o curso traballouse con esta ferramenta na aula , e con actividades programadas desde os domicilios seguindo os tempos indicados polo profesorado.

## 19. PLAN DE IGUALDADE

Na presente memoria se fai unha análise da aplicación do Plan de igualdade recollendo as opinións dos membros do claustro.

INDICADORES	SI	NON	EN PROCESO
<b>Datos estruturais</b>			
Están os obxectivos do Plan de Igualdade incluídos nos documentos de Centro.	xxxxx		
Está nomeada a persoa do Consello Escolar responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres	xxxxx		
<b>Linguaxe escrita</b>			
Cartelería do centro	xxxxx		
Comunicacións	xxxxx		
Documentos de Centro	xxxxx		
<b>Materiais e recursos</b>			
Biblioteca	xxxxx		
Aulas	xxxx		x
Web de centro	xxxxx		
<b>Recursos externos</b>			
Sesións formativas / informativas para o Claustro	xx		xxx

Sesiós formativas / informativas para a comunidade educativa

<b>xxx</b>		<b>xx</b>
------------	--	-----------

### Outras actuacións e medidas

Utilización igualitaria dos espazos, recursos e tempos

<b>xxxx</b>		x
-------------	--	---

Realización de actividades complementarias con perspectiva de xénero

<b>xxxx</b>		x
-------------	--	---

### Observacións e achegas

- Poderíase proponer para o vindeiro curso, trimestralmente dende a biblioteca "A semana dos contos en igualdade". Cada día da semana participaría un membro voluntario da comunidade educativa (familias voluntarias) lendo contos cun fondo en valores. A idea sería que participaran tamén pais/avós e non só a figura feminina, coa que soen asociar estas tarefas. Outra idea, enmarcada nisto, podería ser a realización dun día de animación á lectura colaborando cunha entidades externas. Teño visto que noutros coles fan unha xornada na que alguén externo (librería Atenea, neste caso) trae libros da temática solicitada e amosa de que vai cada un. Son os propios alumnos/as (maiores) os que axudan e seleccionan novos fondos para a biblioteca. É unha idea para implicalos máis e que coñezan libros en igualdade ou contos que poden logo contar aos pequenos.
- Maior formación para docentes.
- O patio de recreo é a zona do colextio onde máis diferencias se producen debido a que o fútbol acapara aos nenos e o seus espazos.

## 20. PLANO PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

Continuouse na mesma liña que os cursos anteriores, desenvolvéndose o plano para a potenciación e organización das relacions da comunidade coa familia desde a Comisión de Convivencia, baixo proposta e coordinación da Claustro e o DO. O obxectivo fundamental no que se basea este plano é o asentamento dunhas canles de comunicación e relación axeitadas das familias e o centro escolar.

Na realización deste obxectivo desde a dirección do centro planificáronse as seguintes medidas:

- A atención ás familias desde a secretaría do centro, preferentemente nas horas de atención ao público, recolléndose na organización horaria a presenza do director para atender aos pais e nais que o precisaren.
- A través da páxina web do centro e blogue como centros de información sobre o centro, dando información sobre documentación e avisos de carácter xeral, amosando os traballos e actividades realizados nas aulas e outros avisos e actividades organizadas pola ANPA do centro.
- A través do espazo abalar , como medio de transmisión de comunicáns do centro ás familias e docentes.
- A atención por parte do director, dentro da súa disponibilidade horaria, a todas aquelas situacíons, en que por parte dos pais se demande unha intervención, facilitando unha comunicación continua e fluída entre as familias e o centro.
- A través do Consello Escolar e de aquellas comisións en que os pais/nais teñen presenza, facilitando a súa participación e proporcionando información sobre todos aqueles asuntos tratados coa administración, concello e outros organismos, dando a coñecer aquellas convocatorias que resulten de interese.
- A través das reunións dos titores/as cos pais/nais, e as entrevistas particulares de cada un dos pais co titor/a na hora de atención a pais reservada no horario de cada docente. Neste ámbito levouse a cabo unha entrevista ao inicio do curso e, as reunións particulares cos titores desenvolvéronse con normalidade ao longo do curso.
- Por medio do Departamento de Orientación, como recurso para favorecer e facilitar as relacións familia-escola. Desde o Departamento tamén se promove a creación dunha escola de pais e nais , que neste curso foi dirixida pola Asociación Vieiro entre os meses de xaneiro e xuño.
- A través da colaboración en actividades de formación e lúdicas organizadas pola ANPA e polo concello, facilitando as instalacións do centro.

## 21. PLANO DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR

No presente curso continúase a manter as medidas de xa propostas: quendas de gardas por parte do persoal docente nos momentos de entrada e saída para proporcionar unha maior seguridade e control sobre o alumnado, control do acceso ao centro por parte de persoas alleas ao centro.

No NOFC recólleñense estas medidas xunto a outras que garantan a maior protección para os alumnos:

- Entradas e saídas en horario escolar baixo a supervisión dun adulto autorizado, tras pasar por secretaría, e co permiso e información do titor.
- Fecho das portas exteriores durante o horario lectivo.
- Axuste do horario de chegada do alumnado usuario do transporte escolar nas entradas ao centro.
- Delimitación dos espazos a utilizar polo alumnado usuario do comedor escolar durante o uso deste servizo.

Ao longo do curso realizáronse dous simulacros de evacuación seguindo as disposicións recollidas no Plano de autoprotección obténdose uns bos resultados áinda que debe mellorarse a atención os indicadores sonoros de evacuación para evitar que queden grupos que non escoiten o aviso.

## 22. PLANO DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

### ACTIVIDADES EDUCATIVAS EN HORARIO LECTIVO

- Colaboración no Obradoiro de creación de centros florais navideños. Actividade financiada polo colexio.
- Obradoiro de cociña: pasta fresca italiana; dentro do proxecto: Marco Polo.

## ACTIVIDADES EDUCATIVAS EXTRAESCOLARES

- Organización do Campamento de Nadal, durante as vacacións escolares de decembro e xaneiro, na escoliña vella en horario de 10 a 13:30, impartido pola empresa O recuncho dos Nenos.
- Organización do III Campamento de Verán da Anpa Xaviña, durante o mes de xullo, na escoliña vella en horario de 10 a 13:30. Imparte mestra especialista en Educación Infantil de O Recuncho dos Nenos.

## OUTRAS ACTIVIDADES

- Fabricación dunha cociña con material de refugallo para o patio de educación infantil.
- Elaboración dun calendario anual con ilustracións feitas polos nenos e nenas do centro.
- Participación nos Consellos Escolares do centro.
- Colaboración co concello na organización da festa de Nadal: inchables e merenda.
- Colaboración co concello na organización da festa de Entroido: inchables, merenda e festa de disfraces.
- Colaboración coas familias de sexto curso para recaudar fondos para a excursión de fin de curso: postos de venda nas festas da Anpa.

## 23. Servizos complementarios

### comedor escolar

#### Desenvolvemento xeral.

Como en cursos anteriores o comedor escolar funcionou na modalidade de xestión indirecta baixo a titularidade da consellería de Cultura, Educación e O.U., polo que é de cumprimento a instrución 3/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para este curso 2023-24.

A empresa Jardanay foi adxudicataria da subministración de comidas preparadas e de dotar do persoal encargado de atender o funcionamento do comedor e desenvolver o programa de promoción da saúde, promoción de hábitos alimentarios saudables e desenvolvemento dos hábitos persoais do alumnado. Contou no centro con dúas coidadoras que realizaron as labores de atención do servizo de comedor.

O comedor atendeu a 27 comensais desde o 11 de setembro ata o 21 de xuño en horario de 14:40 a 16:00.

## Consecución dos obxectivos previstos.

Os obxectivos xerais e específicos recollidos no programa anual do servizo de comedor escolar foron na súa grande parte acadados:

- Adecuar a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar á lexislación vixente e á realidade do centro.
- Distribuír aos alumnos/as no comedor e nas diferentes zonas de ocio.
- Optimizar os recursos persoais e materiais.
- Comunicar ás familias os menús facilitados pola empresa de catering de xeito que estas poidan completar o réxime alimenticio dos seus fillos/as .
- Desenvolver hábitos de alimentación: comer de todo, mastigar correctamente e acabala comida servida.
- Inculcar hábitos de bos modais na mesa: posturas, uso correcto dos cubertos ...
- Fomentar a colaboración e boas relacións entre os compañeiros/as de mesa e o persoal de comedor.
- Inculcar hábitos de hixiene persoal: lavado de mans (antes e despois do xantar).
- Desenvolver hábitos de convivencia: aprender a empregalo tempo libre participando nas actividades programadas para ese momento, etc.
- Empregar correctamente os espazos e materiais destinados para ese tempo.

## Valoración do traballo realizado.

A valoración final do servizo prestado no comedor é positiva, acadándose os obxectivos propostos.

## Incidencias

### empresa

No presente curso , o suministro diario dos menús realizouse de xeito apropiado non presentándose incidencias nos menús diarios . Comunicáronse incidencias puntuais relativas o cambio de algún menú e á suministración pola empresa de material de hixiene e limpeza para o uso dos usuarios do comedor que foron resoltas nun tempo razonable. No mes de outubro a dirección do centro comunicoulle á empresa as dúbidas presentadas por algunas familias sobre a cantidade e calidade dos menús, desde a empresa ofreceuse ás familias que así o desexaran acudir o comedor e ver o contido dos menús diarios , realizándose esta supervisión durante uns días.

### usuarios

Ao longo do curso a dirección do centro velou para garantir o recollido no NOFC e no Protocolo de funcionamento do comedor do centro para corrixir incidencias leves de comportamento de algúns usuarios do comedor .

### familias

No presente curso a dirección do centro atendeu en varias ocasións queixas das familias relativas o trato recibido polos seus fillos por parte das coidadores. A dirección realizou as indagacións precisas entre o profesorado responsable presente durante o servizo de comedor e non se observaron comportamentos desaxeitados. Aínda así se falou coas coidadoras para insistir na necesidade de manter unha linguaxe e actitude sosegada que favoreza a convivencia. No mes de maio un grupo de nais solicitou unha reunión co director na que se lle informou do malestar existente entre as familias polo trato recibido polo alumnado durante o servizo de comedor, especialmente no referido o xeito en que as coidadoras se dirixían os seus fillos e as correccións que facían do seu comportamento , tanto do tempo de comer como no posterior tempo de lecer , así como a forma na que se dirixían ás familias. O director indicoulles que volvería a repetir o procedemento de recollida de información entre o profesorado, que falaría coas coidadoras para que se esmerasen no seu comportamento na realización das súas tarefas, e que si o desexaban , podían presentar un escrito no que recollesen esas queixas para dar traslado á empresa adxudicataria do comedor.

## 24. Relación Libros de texto curso 2024/25

Cumprindo coa lexislación vixente e seguindo o recollido na Orde do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto , no presente curso mantéñense os textos do curso anterior na educación primaria.

<b>Curso e etapa</b>	<b>Área/ materia</b>	<b>Título, editorial, autor, ano de publicación e ISBN</b>	<b>Lingua da edición</b>
1º Ed. Primaria	Lingua Galega	LINGUA 1º CONSTRUÍNDOMUNDO (1-2) OBRADOIRO.2022. ISBN: 978-84-9185-532-3 LINGUA 1º LECTOESCRITURA CONSTRUÍNDOMUNDOS (1-1) OBRADOIRO.2022.ISBN: 978-84-9185-399-2	Galego
1º Ed. Primaria	Lingua Castelá	LENGUA CASTELLANA 1º PRIMEROS PASOS PAUTA CONSTRUYENDO MUNDOS. SANTILLANA2022. ISBN: 978-84-680-7160-2	Castelán
1º Ed. Primaria	Matemáticas	MATEMÁTICAS 1º CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA. SANTILLANA. 2022 ISBN : 978-84-680-7131-2	Castelán
1º Ed. Primaria	Ciencias Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 1º CONSTRUÍNDOMUNDOS OBRADOIRO.2022 ISBN: 978-84-9185-414-2	Galego
1º Ed. Primaria	Ciencias da Natureza	CIENCIAS DA NATUREZA 1º CONSTRUÍNDOMUNDOS. OBRADOIRO.2022 ISBN: 978-84-9185-411-1	Galego

<b>Curso e etapa</b>	<b>Área/ materia</b>	<b>Título, editorial, autor, ano de publicación e ISBN</b>	<b>Lingua da edición</b>
2º Ed.Primaria	Lingua Galega	LINGUA 2º CONSTRUÍNDΟ MUNDOS OBRADOIRO.2023. ISBN: 978-84-9185-675-7	Galego
2º Ed.Primaria	Lingua Castelá	LENGUA 2º CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA SANTILLANA.2023 ISBN: 978-84-144-0762-2	Castelán
2º Ed.Primaria	Matemáticas	MATEMÁTICAS 2º CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA SANTILLANA.2023 ISBN : 978-84-144-0763-9	Castelán
2º Ed.Primaria	Ciencias Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 2º CONSTRUÍNDΟ MUNDOS OBRADOIRO.2023 ISBN: 978-84-9185-696-2	Galego
2º Ed.Primaria	Ciencias da Natureza	CIENCIAS DA NATUREZA 2º CONSTRUÍNDΟ MUNDOS OBRADOIRO.2023 ISBN: 978-84-9185-694-8	Galego

<b>Curso e etapa</b>	<b>Área/ materia</b>	<b>Título, editorial, autor, ano de publicación e ISBN</b>	<b>Lingua da edición</b>
3º Ed.Primaria	Lingua Galega	LINGUA 3º  CONSTRUÍNDΟ MUNDOS  OBRADOIRO.2022  ISBN: 978-84-9185-409-8	Galego
3º Ed.Primaria	Lingua Castelá	LENGUA 3º  CONSTRUYENDΟ MUNDOS MOCHILA LIGERA  SANTILLANA.2022  ISBN: 978-84-680-7201-2	Castelán
3º Ed.Primaria	Matemáticas	MATEMÁTICAS 3º  CONSTRUYENDΟ MUNDOS MOCHILA LIGERA  SANTILLANA.2022  ISBN : 978-84-680-7136-7	Castelán
3º Ed.Primaria	Ciencias Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 3º  CONSTRUÍNDΟ MUNDOS  OBRADOIRO.2022  ISBN: 978-84-9185-416-6	Galego
3º Ed.Primaria	Ciencias da Natureza	CIENCIAS DA NATUREZA 3º  CONSTRUÍNDΟ MUNDOS  OBRADOIRO.2022  ISBN: 978-84-9185-410-4	Galego

<b>Curso e etapa</b>	<b>Área/ materia</b>	<b>Título, editorial, autor, ano de publicación e ISBN</b>	<b>Lingua da edición</b>
4º Ed.Primaria	Lingua Galega	LINGUA 4º CONSTRUÍNDΟ MUNDOS OBRADOIRO.2023. ISBN: 978-84-9185-705-1	Galego
4º Ed.Primaria	Lingua Castelá	LENGUA 4º CONSTRUYENDΟ MUNDOS MOCHILA LIGERA SANTILLANA.2023 ISBN: 978-84-144-0738-7	Castelán
4º Ed.Primaria	Matemáticas	MATEMÁTICAS 4º CONSTRUYENDΟ MUNDOS MOCHILA LIGERA SANTILLANA.2023 ISBN : 978-84-144-0769-1	Castelán
4º Ed.Primaria	Ciencias Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 4º CONSTRUÍNDΟ MUNDOS OBRADOIRO.2023 ISBN: 978-84-9185-698-6	Galego
4º Ed.Primaria	Ciencias da Natureza	CIENCIAS DA NATUREZA 4º CONSTRUÍNDΟ MUNDOS OBRADOIRO.2023 ISBN: 978-84-9185-692-4	Galego

<b>Curso e etapa</b>	<b>Área/ materia</b>	<b>Título, editorial, autor, ano de publicación e ISBN</b>	<b>Lingua da edición</b>
5º Ed.Primaria	Lingua Galega	LINGUA 5º  CONSTRUÍNDΟ MUNDOS OBRADOIRO.2022  ISBN: 978-84-9185-412-8	Galego
5º Ed.Primaria	Lingua Castelá	LENGUA 5º  CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA SANTILLANA.2022  ISBN: 978-84-680-7200-5	Castelán
5º Ed.Primaria	Matemáticas	MATEMÁTICAS 5º  CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA SANTILLANA.2022  ISBN : 978-84-680-7140-4	Castelán
5º Ed.Primaria	Ciencias Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 5º  CONSTRUÍNDΟ MUNDOS OBRADOIRO.2022  ISBN: 978-84-9185-415-9	Galego
5º Ed.Primaria	Ciencias da Natureza	CIENCIAS DA NATUREZA 5º  CONSTRUÍNDΟ MUNDOS OBRADOIRO.2022  ISBN: 978-84-9185-407-4	Galego

<b>Curso e etapa</b>	<b>Área/ materia</b>	<b>Título, editorial, autor, ano de publicación e ISBN</b>	<b>Lingua da edición</b>
6º Ed.Primaria	Lingua Galega	LINGUA 6º CONSTRUÍNDΟ MUNDOS OBRADOIRO.2023. ISBN: 978-84-9185-727-3	Galego
6º Ed.Primaria	Lingua Castelá	LENGUA 6º CONSTRUYENDΟ MUNDOS SANTILLANA.2023 ISBN: 978-84-144-0747-9	Castelán
6º Ed.Primaria	Matemáticas	MATEMÁTICAS 6º CONSTRUYENDΟ MUNDOS SANTILLANA.2023 ISBN : 978-84-144-0772-1	Castelán
6º Ed.Primaria	Ciencias Sociais	CIENCIAS SOCIAIS 6º CONSTRUÍNDΟ MUNDOS OBRADOIRO.2023 ISBN: 978-84-9185-693-1	Galego
6º Ed.Primaria	Ciencias da Natureza	CIENCIAS DA NATUREZA 6º CONSTRUÍNDΟ MUNDOS OBRADOIRO.2023 ISBN: 978-84-9185-669-6	Galego

D. Fernando Quintela Cuiña , como director do CEIP Joaquín Rodríguez Otero, de Buño ( Malpica de Bergantiños)

CERTIFICA

Que a presente Memoria do curso 2023/2024 recibiu conformidade do Claustro en sesión celebrada o 26 de xuño de 2024 , e foi aprobada polo Consello Escolar en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2024.

Buño, 26 de xuño de 2024

O director



Asdo.: Fernando Quintela Cuiña

## ANEXOS

CONTRATOS- PROGRAMA INCLÚE 2023/2024



Memoria das actividades realizadas

CEIP JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO

Buño – Malpica de Bergantiños

No presente curso , e tras acordo favorable do Claustro e o Consello Escolar , a dirección do centro co asesoramento do Departamento de Orientación, presentou no mes de setembro a solicitude para participar na convocatoria 2023/24 dos contrato-programa inclúe para a mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación infantil, primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A solicitude recollía a intención de participar en cinco actuacións que recollían os seguintes obxectivos:

1. Fomentar a mediación e resolución de situacións de conflito entre iguais sen a tutela dos adultos.
2. Mellorar a convivencia en todos os espazos do centro.
3. Fomentar xogos non discriminatorios e integradores nos tempos de recreo.
4. Constituir equipos de alumnado que regulen as actividades nos tempos do recreo.
5. Coñecer e respectar as diferenzas de todos os membros da comunidade educativa e adaptar as actividades a todas as capacidades.
6. Coñecer exemplos próximos da presenza da muller en distintos ámbitos sociais.
7. Fomentar actividades de coñecemento e expresión das propias emocións.
8. Fomentar a participación das familias nas actividades propostas desde o centro.
9. Aumentar a participación das entidades deportivas , culturais e sociais da localidade nas actividades escolares para facer visible a súa presenza.

## IGUÁLA-T.

### Medidas a desenvolver:

Realización das actividades recollidas na Programación Xeral Anual e no Plan de Igualdade:

- Celebración das conmemoracións recollidas na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 :
  - o Día internacional contra a violencia de xénero: 25 de novembro .
  - o Día de Rosalía de Castro : 23 de febreiro.
  - o Día Internacional da Muller: 8 de marzo.
- "A presenza da muller no deporte". Obradoiro coa SD Cerqueda.
- Realización do obradoiro "Cambiando o conto" organizado pola asociación visibles.
- Realización do obradoiro cooperativo de Nadal en colaboración coa ANPA Xaviña.
- Organización dos patios inclusivos, con oferta de actividades e xogos colaborativos.
- Colaboración con asociacións da localidade que traballan pola visibilización da diversidade e respecto a libre identidade de xénero en outras actividades co alumnado e as familias.

## CONVIVE-T

### Medidas a desenvolver:

- Realización das actividades recollidas na Programación Xeral Anual e no Plan de Igualdade:
  - o Día universal da infancia: 20 de novembro.
  - o Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos: 10 de decembro.
  - o Día Escolar da non Violencia e da Paz: 30 de xaneiro.
  - o Día Internacional contra o Acoso Escolar: 2 de maio.
- Celebración da "Carreira pola Paz", en colaboración coa SD Cerqueda e a ANPA Xaviña.
- Continuación do proxecto " A horta da convivencia", en colaboración coa ANPA Xaviña.

- Organización de grupos de mediación de alumnos nos grupos/clase para actuar sobre as posibles situaciones de conflicto nos distintos espazos do centro.

## INCLÚE-T

### Medidas a desenvolver:

- Realización das actividades recollidas na Programación Xeral Anual e no Plan de Igualdade:
  - Día Mundial da dislexia: 8 de outubro.
  - Día internacional das persoas con discapacidade: 3 de decembro.
  - Día Mundial da Síndrome de Down: 21 de marzo.
  - Día Mundial da concienciación sobre o Autismo: 1 de abril.
- Colaboración na realización do calendario solidario.
- Participar nas propostas divulgativas e inclusivas da asociación Integro.
- Xogos da diversidade.

## EMOCIÓN-A-T

### Medidas a desenvolver:

- Coñecemento e identificación das propias emocións e das dos demás.
- Implementación desde as titorías de propostas de intervencións que permitan ao alumnado a adquisición e desenvolvemento de competencias emocionais.
- Aplicación das competencias emocionais á resolución de problemas da vida diaria.
- Realización de actividades lúdicas de expresión libre das emocións (Iniciación o teatro, mímica, expresión corporal e rítmica ).
- Comunicación ás familias de pautas de intervención que favorezan a adquisición de competencias emocionais no ámbito familiar.

## Resumo das actividades realizadas

## IGUALA-T

Accións de fomento da coeducación, a construcción da igualdade, a promoción de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero a nivel de aula:

- Utilización dunha linguaxe inclusiva.

- Elaboración de carteis-murais con mulleres relevantes na Historia.
- Participación de alumnado en traballos individuais e grupais de investigación e biografía de mulleres que lles chamaran a atención.

#### Actividades realizadas:

- Día das escritoras.
- Mes da ciencia en galego nas Bibliotecas Escolares. Experimentos da "Misión Alba"
- Exposición fotográfica "Sen ellas non hai fotografía". Colaboración Asociación Visibles.
- DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.  
Actividades e lecturas desde a biblioteca.
- Obradoiro centros florais de Nadal, realizado en colaboración coas familias.
- Día dereitos humanos.
- Día de Rosalía conmemoramos o día da escritora más importante da nosa terra, Rosalía de Castro.
- Día da muller: Contacontos da asociación Visibles "A Comunidade Vagalume"
- **Mulleres na ciencia.** Indagación sobre a labor das mulleres científicas do pasado e elaboración dun mural conmemorativo para dalas a coñecer.
- Visita a SOGAMA (4º/5º/6º EP)
- Obradoiro "Cambiando o conto" (5º/6º). Asociación Visibles.
- Visita e firmas da escritora Olga Rodríguez autora de "As crebas da memoria".
- Visita da escritora Antía Yañez.

## CONVIVE-T

Ademais das accións de centro , buscouse o fomento da convivencia, a construcción de espazos seguros e a realización de dinámicas de cohexión grupal e prevención da violencia a nivel de aula.

### Actividades realizadas:

- Concurso escolar online de ciberseguridade , organizado por Amtega (5/6 EP)
- Obradoiro "Bolsas viaxeiras"
- Día da biblioteca escolar.
- Samaín. [Exposición de cabazas](#)
- [Magosto](#): celebración con obradoiros con diferentes actividades: xogos tradicionais con castañas, a elaboración de castañas decorativas, cancións tradicionais e, por suposto, a degustación das castañas.
- Día Universal dos dereitos da infancia. Actividades da biblioteca.
- [Día da paz](#): Carreira pola Paz e [actividades da biblioteca](#).
- [Entroido](#) : concurso máscaras con materiais reciclados sobre o tema das emocións e pasarrúas.
- Teatro Afundación, "Pingüín".
- Teatro Afundación , "Vaia ritmo"
- Taller de cociña: Elaboración de pasta fresca.
- Día da familia.
- III edición Mercado benéfico a favor da protectora " O legado de Max!"
- Día do libro. Apadriñamento lector.
- Día da bicicleta.
- Día convivencia entre centros educativos do concello.
- Saída á Praia de Balarés.

## INCLÚE-T

Desenvolvéronse medidas a través da metodoloxía, agrupamentos e tarefas, que fomentaran e mellorarán a inclusión do alumnado na aula e a atención á diversidade, como:

- Traballo por agrupamentos incluíndo un alumno con necesidade específica de atención educativa, que deste xeito puido ser más guiado polo grupo de compañeir@s.
- Traballo en empatía poñéndose no lugar dos demais, como por exemplo dun alumno novo na aula.
- Dinámicas de traballo cooperativo, titorización de alumnado: alumnos e alumnas que axudan a outros/as compañeiros/as.
- Xogos didácticos para favorecer a igualdade e inclusión.

### Actividades realizadas:

- Exposición na biblioteca “[Baixo o mesmo paraugas](#)”
- Día da discapacidade: Obradoiros diversidade e inclusión realizados pola Afundación “Todas e todos contamos”. Acceso o contido da biblioteca.
- Obradoiro de fabricación de xabón.
- [Semana da prensa](#).
- Teatro Afundación, “Hugo”
- Taller de origami na biblioteca.
- “[Aprende a través del Surf](#)”, actividade na praia.
- Día do medio ambiente, “Os vermes de seda”
- [Torneo de xadrez](#) no recreo.
- Obradoiro e voo de papaventos.

## EMOCIONA-T

Aplicación do proxecto de educación emocional do centro . Accións a nivel de aula de coñecemento das emocións que podemos sentir e como expresalas (emocionario), "mindfulness" para aprender a relaxarnos , traballo sobre o corpo con posturas, relaxación e respiración controlada.

### Actividades realizadas:

- Samaín:[Obradoiros terroríficos](#).
- Exposición "Emocións en perigo" na sede Afundación.
- Teatro Afundación, "Help ( Trouble in the jungle)"
- Actividades nadal: [Festival de Nadal](#) , [concurso Postais](#), visita paxe real, video felicitación.
- Concierto "La leyenda de Armonía"
- Concierto " La máquina del tiempo"
- Concierto " De aquí para alá coas emocións"
- Teatro Letras Galegas " Lingoreteira" no centro cívico de Malpica.
- Obradoiros de xestión emocional impartidos pola Asociación Vieiro.
- Teatro "Salvando o planeta". Obra realizada polo alumnado de 5º/6º EP.

### Memoria económica das actividades

O orzamento de gastos de funcionamento concedido o centro para a realización das actividades dos contrato-programa Inclúe do curso 2023-2024 é de 2.800 €. Esta cantidade distribúese entre as distintas modalidades solicitadas, áinda que se permite o axuste das cantidades concedidas entre elas, asumindo o centro o no seu orzamento xeral as cantidades que exceden o concedido.

De seguido recóllense os gastos efectuados en cada modalidade:

**IGUÁLA-T.**

Cantidad asignada:	700 €
Desprazamento visita a Sogama	210 €
Obradoiro "Arranxos florais no Nadal"	280,01 €
Material funxible	280,28 €
Total gastado:	770,29 €

**CONVIVE-T**

Cantidad asignada:	700 €
Entradas representacións teatrais	92,5 €
Desprazamentos	420 €
Materiais funxibles	192,53 €
Total gastado:	705,03 €

**INCLÚE-T**

Cantidad asignada:	700 €
Entradas representación teatral	47,50 €
Desprazamentos	474 €
Materiais funxibles	268,52 €
Total gastado:	790,02 €

**EMOCIONA-T**

Cantidad asignada:	700 €
Entradas exposicións e representacións	297 €
Desprazamentos	420 €
Materiais funxibles	43,78 €
Total gastado:	760,78 €

RESUMO GASTOS	
IGUÁLA-T	770,29 €
CONVIVE-T	705,03 €
INCLÚE-T	790,02 €
EMOCIONA-T	760,78 €
Total gastado:	3.026,12 €

En Buño , 26 de xuño de 2024.

O director



Asdo.: Fernando Quintela Cuiña